Capítulo

8

Estudos das profesións. Estudo profesiográfico do traballador tipo por ocupación.

Neste apartado do estudo descríbense todas as ocupacións e situánse dentro das actividades nas que se desenvolven. Os produtos obtidos son as competencias profesionais e os perfís de cada ocupación.

Analizáronse 15 ocupacións. Doce delas están presentes na actualidade nas empresas do sector: almaceneiro/a, bordador/a, cortador/a, cosedor-ensamblador/a, deseñador/a, patronista-escalador/a, pranchador/a, programador/a, remallador/a, revisador/a, revisor-reparador/a, tecedor/a. Existen á súa vez tres ocupacións emerxentes non detectadas de forma específica ao executar os diferentes métodos de captación de datos (enquisas), senón que as súas funcións se reparten entre outras ocupacións, pero cunha tendencia a tomar entidade propia pola crecente importancia e repercusión que teñen as súas tarefas no sector: encargado/a de loxística-almacén, encargado/a de talleres exteriores e técnico/a de compras. Por iso destas tres últimas unicamente se van desenvolver as súas competencias e perfís ideais.

Por outro lado, cómpre indicar que tanto as competencias reais como os perfís reais van ser os mellores detectados. Isto significa que cada unha das características das ocupacións se obteñen do compendio global de todas as enquisas realizadas, por ocupación, tanto en empresas de gran tamaño como en empresas de mediano e pequeno tamaño.

8.1. COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Dentro deste apartado vanse definir as competencias profesionais de cada ocupación analizada. Cada unha destas ocupacións será definida por un conxunto de unidades de competencia que á súa vez se dividen en realizacións profesionais ou funcións e estas últimas están formadas por diferentes criterios de execución ou tarefas.

Cada unha destas figuras pódese describir da seguinte maneira:

UNIDADE DE COMPETENCIA: Formada polo conxunto de funcións que se atopan agrupadas de forma que se obtén un PRODUTO ou SERVIZO completo.

FUNCIÓN: É o elemento formado polas tarefas e que agrupa estas para obter os diferentes subprodutos do traballo.

TAREFA: É a unidade mínima de traballo, o nivel que agrupa as operacións básicas e elementais que realiza o traballador.

Estas competencias profesionais van estar influídas polos cambios e innovacións (tecnolóxicos, normativos, etc.) ocorridos na empresa.

Co obxectivo de detectar as necesidades de formación, fronte ás novas modificacións, desenvólvense por un lado as competencias reais, determinadas directamente pola enquisa no posto de traballo, onde se describen as unidades de competencia, coas súas funcións e tarefas que desenvolven os traballadores de cada ocupación na actualidade.

Á súa vez, tamén se desenvolven as competencias ideais, obtidas a través da enquisa ao mando superior e aos expertos, onde se determinan as capacidades profesionais esixibles a cada ocupación.

Existen doce competencias profesionais reais correspondentes a outras tantas ocupacións nas que se reflite a forma actual de proceder no sector. As tres ocupacións emerxentes: encargado/a de loxística, encargado/a de talleres exteriores e técnico/a de compras non se inclúen porque a data de hoxe non se detectaron traballadores que se dediquen en exclusiva a realizar estas funcións, senón que forman parte doutras atribucións.

Por outro lado, reflítense tamén as 15 competencias profesionais ideais, obtidas da enquisa ao mando superior e das entrevistas a expertos, onde se definen as realizacións profesionais e os criterios de execución que debería exercer o/a traballador/a desa ocupación. Neste apartado si que se inclúen as tres ocupacións emerxentes coas súas correspondentes funcións e tarefas.

Deste modo establécense comparativas entre "o que fai", "como o fai" e "con que o fai", e "o que debería facer", "como o debería facer" e "que ferramentas debería utilizar". Determínanse así as diferenzas e detéctanse as carencias no desenvolvemento das súas funcións, que darán con posterioridade as necesidades formativas.

8.1.1. COMPETENCIAS PROFESIONAIS REAIS

ALMACENEIRO/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. RECEPCIONAR E DISTRIBUÍR AS MATERIAS PRIMAS, PRODUTOS SEMIELABORADOS E PEZAS DE ROUPA ELABORADAS NO ALMACÉN.
2. CONTROLAR OS PROCESOS DO ALMACÉN.
3. ENVIAR AS MATERIAS PRIMAS ÁS SECCIÓNS DA FÁBRICA E AOS TALLERES EXTERIORES.
4. ENVIAR OS PRODUTOS AOS CLIENTES E/OU TENDAS.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1:
RECEPCIONAR E DISTRIBUÍR AS MATERIAS PRIMAS, PRODUTOS SEMIELABORADOS E PEZAS DE ROUPA ELABORADAS NO ALMACÉN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Supervisar a entrada de materias primas.	1.1.1. Comprobando as follas de pedido e/ou os albarás, para verificar que coincidan cos pedidos. 1.1.2. Revisando a entrada de artigos para evitar taras. 1.2.3. Descargando os materiais dos camións, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
1.2. Clasificar e distribuír as materias primas.	1.2.1. Desembalando a mercancía. 1.2.2. Colocando os materiais nos andeis adecuados, segundo a distribución do almacén, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.2.3. Clasificando as materias primas segundo cor, tinguidura e textura.

1.3. Clasificar e distribuír as pezas de roupa semielaboradas.	1.3.1. Recepcionando os produtos semielaborados das diferentes seccións da empresa. 1.3.2. Anotando na folla de entrada as especificacións do produto semielaborado. 1.3.3. Distribuíndo o produto semielaborado, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
1.4. Clasificar e distribuír as pezas de roupa elaboradas.	1.4.1. Recibindo as pezas de roupa acabadas e pranchadas. 1.4.2. Clasificando as pezas de roupa segundo procedementos da empresa. 1.4.3. Creando etiquetas da peza de roupa, segundo código de referencia da ficha técnica, indicando talles, cores, modelos, data de servicio, número de serie, etc. 1.4.4. Colocando nas pezas de roupa as etiquetas que indiquen as súas características. 1.4.5. Arquivando as etiquetas realizadas para cada peza de roupa. 1.4.6. Acondicionando as pezas de roupa, para embolsalas. 1.4.7. Colocando cada peza de roupa confeccionada na súa correspondente bolsa plástica. 1.4.8. Cerrando as bolsas (autocerre manual), cambiándoas cando estas rompen. 1.4.9. Anotando, no ordenador ou nos partes, o código das pezas de roupa confeccionadas para que queden reflectidas no stock do almacén. 1.4.10. Colocando as pezas de roupa en perchas ou noutro sistema de transporte. 1.4.11. Distribuíndo as pezas de roupa nas estanterías, segundo a clasificación establecida.

1.5. Realizar a limpeza do posto de traballo.	1.5.1. Efectuando a limpeza do posto de traballo, recollendo etiquetas, precintos e bolsas rotas, etc. 1.5.2. Gardando os residuos en contedores apropiados.
1.6. Realizar o mantemento da maquinaria.	1.6.1. Realizando o mantemento da maquinaria de transporte e almacenaxe. 1.6.2. Reparando as avarías que se producen nos sistemas de transporte, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: CONTROLAR OS PROCESOS DO ALMACÉN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Controlar as existencias de pezas de roupa do almacén.	2.1.1. Controlando a cantidad, numero, volume de pezas de roupa confeccionadas por talles. 2.1.2. Controlando a cantidade de pezas de roupa por modelo e cliente. 2.1.3. Realizando e arquivando o inventario ao final de cada campaña.
2.2. Controlar as existencias de materias primas.	2.1.2. Controlando a cantidade e ubicación de as materias primas no almacén 2.2.2. Resituando o material que sobra de produción, no almacén. 2.2.3. Realizando o inventario das materias primas ao final de cada campaña.

2.3. Controlar os pedidos dos clientes.	2.3.1. Controlando os pedidos que. reciben. 2.3.2. Supervisando as datas de servizo aos clientes para evitar atrasos nos pedidos. 2.3.3. Controlando a evolución do número de pezas de roupa e modelos solicitados polos clientes 2.3.4. Anotando o número de pezas de roupa que saen do almacén para cada cliente. 2.3.5. Anotando as devolucións das peza de roupas e os motivos.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3:
ENVIAR AS MATERIAS PRIMAS ÁS SECCIÓNS DA FÁBRICA E AOS TALLERES EXTERIORES.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Realizar o abastecemento ás diferentes seccións da fábrica.	3.1.1. Analizando os pedidos dos diferentes departamentos. 3.1.2. Proporcionando as materias segundo orde de fabricación (tecido, cor, tinguidura, etc.). 3.1.3. Procedendo ao envío dos materiais mediante o sistema de transporte interno da empresa.
3,2. Enviar os pedidos de materias primas aos talleres exteriores.	3.2.1. Analizando os pedidos solicitados. 3.2.2. Realizando a carga dos camións, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 3.2.3. Cubrindo os partes de saída.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4:
ENVIAR OS PRODUTOS AOS CLIENTES E/OU TENDAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Preparar a mercancía.	4.1.1. Preparando o albará do pedido cos modelos, número e talle solicitados polos clientes. 4.1.2. Consultando a situación da mercancía solicitada. 4.1.3. Recollendo a mercancía dos andeis segundo a súa situación, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.1.4. Comprobando que non haxa roturas ou defectos nas pezas de roupa ou nos seus envoltorios. 4.1.5. Comprobando que a referencia de cada mercancía se axuste ao albará.
4.2. Empaquetar as pezas de roupa.	4.2.1. Montando e preparando as caixas para introducir as pezas de roupa. 4.2.2. Metendo as bolsas coas pezas de roupa en caixas de cartón, de forma ordenada evitando engurras. 4.2.3. Identificando o exterior da caixa co cliente, modelo, talles e demais datos necesarios e requiridos para describir o contido. 4.2.4. Cerrando cada caixa cun precinto. 4.2.5. Pegando os albarás, coa mercancía que se vai enviar, ás caixas
4.3. Embalar as caixas.	4.3.1. Amontoando as caixas cerradas en palés. 4.3.2. Envolvendo cada palé cunha cinta *(fleje)* ou similar.

4.4. Efectuar a baixa das pezas de roupa que saen.	4.4.1. Procedendo a dar de baixa, no stock, ás pezas de roupa que saen. 4.4.2. Solicitando á oficina ou realizando directamente a factura no almacén.
4.5. Proceder ao envío	4.5.1. Contactando coa empresa de transporte. 4.5.2. Cargando o camión cos palés, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.5.3. Cargando o camión coas pezas de roupa que veñen directamente da sección de acabados e que non van encaixonadas.

BORDADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. ORGANIZACIÓN DO INICIO DO PROCESO.
2. PREPARACIÓN DA MÁQUINA PARA REALIZAR O BORDADO DE PROBA.
3. REALIZACIÓN DO BORDADO.

U.C. 1: ORGANIZACIÓN DO INICIO DO PROCESO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpreta a ficha técnica.	1.1.1. Analizando o tipo de debuxo a bordar. 1.1.2. Analizando o tipo de fío e puntada. 1.1.3. Interpreta a forma de realizar a montaxe do compoñente da peza de roupa ou peza, sobre a máquina de bordar. 1.1.4. Analizando as instrucións do deseñador.
1.2. Interpreta a folla de produción.	1.2.1. Analizando o número de pezas de roupa e/ou partes que van ser bordadas. 1.2.2. Analizando o número de debuxos en cada parte ou peza de roupa.

U.C. 2: PREPARACIÓN DA MÁQUINA PARA REALIZAR O BORDADO DE PROBA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Coloca as materias primas.	2.1.1. Colocando os conos e/ou bobinas na máquina.
2.2. Axusta os elementos complementarios da maquinaria.	2.2.1. Colocando os diferentes elementos na máquina: agullas, fíos, bastidor, etc.
2.3. Comproba o desenvolvemento . da proba	2.3.1. Comparando a proba realizada co debuxo orixinal.

U.C. 3:
REALIZACIÓN DO BORDADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Vixía o correcto funcionamento da maquinaria.	3.1.1. Realizando a posta en marcha da maquinaria. 3.1.2. Reparando pequenas avarías que poidan xurdir. 3.1.3. Avisando o encargado cando a avaría é de importancia. 3.1.4. Lubrificando a maquinaria.
3.2. Efectúa a preparación para o bordado.	3.2.1. Axustando á máquina a tea sobre a que se vai efectuar o bordado. 3.2.2. Colocando os conos de fío na máquina. 3.2.3. Enfiando os guiafíos da máquina de bordado. 3.2.4. Enfiando as agullas da máquina. 3.2.5. Introducindo os disquetes cos debuxos a bordar. 3.2.6. Cambiando as agullas segundo o tipo de bordado.
3.3. Vixía o correcto desenvolvemento do bordado.	3.3.1. Realizando a unión dos fíos cando estes se rompen. 3.3.2. Regulando a tensión dos fíos. 3.3.3. Vixiando que o bordado non saia desviado ou fóra de lugar na tea ou tecido.
3.4. Sinaliza os defectos encontrados.	3.4.1. Marcando con fío, pistola, etiqueta ou outro medio o defecto para realizar con posterioridade a súa reparación.
3.5. Ordena a produción.	3.5.1. Agrupando as pezas de roupa elaboradas segundo tipo de bordado. 3.5.2. Separando as pezas de roupa segundo sexa correcto o bordado, teña defectos que poida reparar o que non poida reparar.
3.6. Repara os defectos.	3.6.1. Desfacendo o bordado. 3.6.2. Axustando de novo a tea na máquina. 3.6.3. Realizando o bordado de maneira manual.
3.7. Cobre os partes de produción.	3.7.1. Anotando os incidentes que ocorresen durante a quenda.

CORTADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

2. PREPARAR OS TECIDOS PARA O CORTE.
2. CORTAR AS TEAS.
3. CLASIFICAR E CONTROLAR AS PEZAS CORTADAS.
4. REALIZAR O TERMOFIXADO DAS ENTRETEAS.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: PREPARAR OS TECIDOS PARA O CORTE.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar as ordes da folla de produción.	1.1.1. Analizando o tipo de modelo, as súas medidas e cantidad, indicadas na folla de produción. 1.1.2. Analizando o número de capas e cores do colchón. 1.1.3. Calculando o número de pezas necesarias para cada talle da peza de roupa
1.2. Realizar o estendido automático e semiautomático.	1.2.1. Seleccionando a tea correspondente ao modelo. 1.2.2. Programando o carro de estendido automático e semiautomático ao introducir os datos necesarios (datos do tecido, modelo, cantidade, etc.). 1.2.3. Estimando automaticamente no ordenador do carro ou introducíndoos manualmente, os metros necesarios de tea. 1.2.4. Colocando o rolo de tea na máquina. 1.2.5. Amontoando as diferentes capas de tea sobre a mesa de estendido para obter un "colchón", "cama" ou pranchas de tea. 1.2.6. Organizando as teas, especialmente cando son teas que teñen debuxos ou cores que se deben combinar ou casar.

	1.2.7. Controlando que a tea se estende dereita e que as pinzas do carro están funcionando ben. 1.2.8. Comprobando que se hai corte da tea cando o carro chega a cada extremo, este se faga correctamente. 1.2.9. Controlando o funcionamento do carro de estendido, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.2.10. Comprobando que as capas estean axustadas e do lado correcto para o corte. 1.2.11. Suxeitando as teas estendidas con pinzas para inmobilizalas.
1.3. Realizar o estendido de modo manual.	1.3.1. Escollendo a tea adecuada ao modelo que se vai elaborar. 1.3.2. Estendendo o rolo de tea medindo co metro. 1.3.3. Organizando as teas, especialmente cando son teas que teñen debuxos ou cores que se deben combinar ou casar. 1.3.4. Cortando con coitelas os extremos da tea, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.3.5. Estirando a tea evitando as engurras. 1.3.6. Amontoando diferentes capas de tecido sobre a mesa de estendido para obter un “colchón” ou “cama” ou pranchas de tecido. 1.3.7. Comprobando que as capas estean axustadas e do lado correcto para o corte. 1.3.8. Suxeitando as teas estendidas con pinzas para inmobilizalas.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: CORTAR AS TEAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Preparar a máquina e as ferramentas para o corte.	2.1.1. Elixindo a máquina máis adecuada para cada operación a realizar. 2.1.2. Preparando a coitela e accesorios segundo a textura da tea.
2.2. Colocar a marcada.	2.2.1. Colocando os patróns directamente sobre a tea extendida ou sobre o papel gráfico de marcada, recalcando os contornos. 2.2.2. Colocando a marcada encima do colchón, fixando o papel da marcada ás capas de tea para que non se desprace durante o corte. 2.2.3. Comprobando que a marcada corresponda aos modelos que se van cortar.
2.3. Realizar o corte.	2.3.1. Cortando segundo as instrucións da orde de produción, que indica o modelo que hai que cortar e os talles, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.3.2. Utilizando diferentes máquinas de corte: ferramentas manuais, máquinas de corte automática ou semiautomática, máquinas con troqueis, máquinas láser, etc. 2.3.3. Realizando o corte seguindo os contornos dos patróns ou da marcada, sobre as capas de tea. 2.3.4. Cortando, coa axuda de tesoiras ou punzóns, as partes de menor tamaño ou de maior dificultade.

2.4. Afinar o corte.	2.4.1. Efectuando o corte de detalles (colo, puños, escote…) cortando estas pezas mediante máquinas especiais, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.4.2. Retocando e perfilando os lados daquelas pezas que unha vez unidas quedan moi desiguais, 2.4.3. Arranxando coa tesoira as pezas pequenas que saen con algunha tara.
2.5. Realizar o mantemento das máquinas de corte.	2.5.1. Limpando as máquinas e ferramentas con pistola de aire a presión ou outro sistema. 2.5.2. Realizando pequenos axustes e variacións, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
2.6. Limpar o posto de traballo	2.6.1. Recollendo os restos de tea xerados ao acabar cada serie. 2.6.2. Tirando os restos nun contedor específico. 2.6.3. Limpando con pistola de aire a presión, vasoira ou outro sistema. 2.6.4. Gardando nun lugar adecuado as teas que non se utilizaron.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3:
CLASIFICAR E CONTROLAR AS PEZAS CORTADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Agrupar as pezas cortadas.	3.1.1. Dobrando os tecidos que o necesiten. 3.1.2. Agrupando as pezas por talles e modelos.
3.2. Etiquetar as pezas cortadas.	3.2.1. Identificando cada peza co seu número de orde, referencia e talle. 3.2.2. Marcando en cada peza o seu respectivo número. 3.2.3. Separando as pezas con taras cando se detectan ao etiquetar. 3.2.4. Atando e precintando, cando finaliza o etiquetaxe, todos os lotes de pezas. 3.2.5. Etiquetando os diferentes paquetes formados polas pezas cortadas.
3.3. Cubrir os partes de produción.	3.3.1. Anotando os modelos e talles cortados. 3.3.2. Anotando a cantidade de pezas cortadas. 3.3.3. Engadindo os partes de produción aos paquetes de pezas.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4:
REALIZAR O TERMOFIXADO DAS ENTRETEAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Interpretar as follas de produción.	4.1.1. Verificando a composición da tea. 4.1.2. Comprobando que os talles sexan os adecuadas. 4.1.3. Comprobando o modelo.

4.2. Realizar a posta en marcha e apagado da maquinaria.	4.2.1. Acendendo as máquinas. 4.2.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 4.2.3. Seleccionando as opcións da máquina (temperatura, presión, velocidade, etc.). 4.2.4. Efectuando a desconexión da maquinaria.
4.3. Analizar as pezas previamente ao termofixado.	4.3.1. Colocando as pezas sobre a mesa auxiliar, verificando as súas características. 4.3.2. Analizando de forma visual as pezas en busca de anomalías. 4.3.3. Analizando de forma táctil as pezas.
4.4. Unir tecidos e entretea mediante a máquina de termofixado.	4.4.1. Colocando as pezas cas súas respectivas entreteas. 4.4.2. Accionando a máquina de termofixado, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.4.3. Agrupando e etiquetando os produtos semielaborados.
4.5. Detectar os defectos nas pezas.	4.5.1. Localizando taras nas pezas. 4.5.2. Marcando os defectos detectados. 4.5.3. Separando as pezas defectuosas para reparalas posteriormente.
4.6. Colocar as pezas no sistema de transporte.	4.6.1. Unindo nun mesmo fardo diferentes pezas do mesmo modelo e talle. 4.6.2. Colocando as pezas no sistema de transporte (aéreo, cubetas, carros, etc.).
4.7. Realizar o mantemento da maquinaria	4.7.1. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.7.2. Limpando a maquinaria. 4.7.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

COSEDOR-ENSAMBLADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. INTERPRETAR A FOLLA DE PRODUCIÓN E CONTROLAR A MAQUINARIA.
2. REALIZAR O COSIDO DAS PEZAS PARA A CONFIGURACIÓN DA ESTRUTURA.
3. REALIZAR O COSIDO E ENSAMBLAXE DAS PEZAS FUNDAMENTAIS.
4. REALIZAR O TERMOFIXADO E O PRANCHADO INTERMEDIO.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1:
INTERPRETAR A FOLLA DE PRODUCIÓN E CONTROLAR A MAQUINARIA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Traballar seguindo as instrucións recibidas directamente do encargado/a ou da folla de produción.	1.1.1. Recibindo as ordes directamente do encargado/a. 1.1.2. Efectuando o cosido-ensamblado das pezas en función do código e do modelo que aparecen na folla de produción. 1.1.3. Seguindo as instrucións das operacións a realizar, que aparecen na folla de produción.
1.2. Preparar a maquinaria para o cosido.	1.2.1. Colocando a agulla e os accesorios de a máquina. 1.2.2. Colocando de forma adecuada a canela co fío e enfiando posteriormente a agulla. 1.2.3. Regulando as tensións dos fíos. 1.2.4. Reparando as roturas que se poidan producir nos fíos. 1.2.5. Axustando os diferentes accesorios da máquina. 1,2,6, Programando a maquinaria: sinalar número de puntadas, velocidade de cosido, remate...

1.3. Realizar o mantemento da maquinaria ao seu cargo.	1.3.1. Engraxando a maquinaria. 1.3.2. Cambiando as agullas e os accesorios desgastados ou rotos. 1.3.3. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.3.4. Avisando o encargado cando as avarías son de importancia. 1.3.5. Limpando a maquinaria de posibles restos.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: REALIZAR O COSIDO DAS PEZAS PARA A CONFIGURACIÓN DA ESTRUTURA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Analizar as instrucións recibidas.	2.1.1. Estudando os compoñentes das pezas de roupa que vai coser. 2.1.2. Estudando as operacións que vai realizar.
2.2. Preparar as peza.	2.2.1. Colocando as diferentes partes da peza de forma ordenada e ao seu alcance. 2.2.2. Superpoñendo as teas das pezas para proceder á súa unión.
2.3. Coser as diferentes pezas das pezas de roupa.	2.3.1. Colocando as teas baixo o cabezal da máquina. 2.3.2. Guiando a tea coas mans á vez que acciona a máquina de coser, para realizar a unión das pezas, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.3.3. Comprobando as costuras para detectar defectos. 2.3.4. Rematando as costuras.

2.4. Clasificar as pezas.	2.4.1. Identificando e separando as pezas que presenten taras. 2.4.2. Xuntando en paquetes as pezas similares. 2.4.3. Atando cada paquete formando diferentes lotes.
2.5. Limpar o posto de traballo.	2.5.1. Recollendo os residuos xerados na mesa de traballo (teas, fíos, etc.). 2.5.2. Varrendo, os restos dispersos polo chan.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3: REALIZAR O COSIDO E ENSAMBLAXE DAS PEZAS FUNDAMENTAIS

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Interpretar instrucións de produción.	3.1.1. Efectuando o cosido-ensamblado das pezas en función do código e do modelo que aparecen nesta folla de produción. 3.1.2. Analizar as operacións a realizar. 3.1.3. Observando a mostra para ver os compoñentes a coser. 3.1.4. Preguntando ao encargado/a en caso de dudas.
3.2. Ensamblar as diferentes partes das pezas de roupa.	3.2.1. Colocando as pezas baixo o cabezal da máquina. 3.2.2. Guiando a tea coas mans á vez que acciona a máquina de coser, para realizar a unión das pezas. 3.2.3. Rematando as costuras. 3.2.4. Eliminando os fíos e restos de tea que poidan quedar en todas as operacións.

3.3. Realizar os acabados.	3.3.1. Realizando puntadas de adorno. 3.3.2. Colocando distintos adornos segundo modelo: cintas, churros, plumas, etc. 3.3.3. Realizando os acabados especificados para cada peza de roupa: remaches, baixos, vivos, etc.
3.4. Colocar etiquetas.	3.4.1. Cosendo, na zona da peza de roupa correspondente, a etiqueta da marca. 3.4.2. Cosendo as etiquetas de composición da peza de roupa. 3.4.3. Colocando a etiqueta do talle.
3.5. Revisar e reparar as pezas de roupa con taras ou defectos.	3.5.1. Inspeccionando as pezas de roupa para detectar fallos, incluídas as que proceden de talleres exteriores. 3.5.2. Separando as pezas de roupa con taras. 3.5.3. Descosendo as pezas que teñen os defectos. 3.5.4. Cosendo e ensamblando de novo as pezas.
3.6. Anotar os datos nunha folla de produción.	3.6.1. Anotando os modelos realizados na folla de produción. 3.6.2. Apuntando as operacións realizadas. 3.6.3. Anotando o tempo que se tarda en realizar cada un. 3.6.4. Anotando o tipo e o tempo de reparación dos defectos, na ficha de control.
3.7. Limpar o posto de traballo.	3.7.1. Separando nunha bolsa, para a súa posterior reciclaxe, os residuos xerados (teas, fíos, tecidos, etc.). 3.7.2. Varrendo, os restos que non se poden reciclar, da superficie do chan.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4:
REALIZAR O TERMOFIXADO E O PRANCHADO INTERMEDIO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Interpretar as follas de produción.	4.1.1. Verificando a composición da tea. 4.1.2. Comprobando que as talles sexan os adecuados. 4.1.3. Comprobando o modelo.
4.2. Realizar a posta en marcha e apagado da maquinaria.	4.2.1. Acendendo as máquinas. 4.2.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 4.2.3. Seleccionando as opcións da máquina (temperatura, presión, velocidade, etc.). 4.2.4. Efectuando a desconexión da maquinaria.
4.3. Analizar as pezas previamente ao termofixado.	4.3.1. Colocando as pezas sobre a mesa auxiliar, verificando as súas características. 4.3.2. Analizando de forma visual as pezas en busca de anomalías. 4.3.3. Analizando de forma táctil as pezas.
4.4. Unir tecidos e entretea mediante a máquina de termofixado.	4.4.1. Colocando as pezas coas súas respectivas entreteas. 4.4.2. Accionando a máquina de termofixado, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.4.3. Agrupando e etiquetando os produtos semielaborados.
4.5. Detectar os defectos nas pezas.	4.5.1. Localizando taras nas pezas. 4.5.2. Marcando os defectos detectados. 4.5.3. Separando as pezas defectuosas para a súa posterior reparación.
4.6. Colocar as pezas no sistema de transporte.	4.6.1. Unindo nun mesmo fardo diferentes pezas do mesmo modelo e talle. 4.6.2. Colocando as pezas no sistema de transporte (aéreo, cubetas, carros, etc.).

4.7. Realizar o mantemento da maquinaria.	4.7.1. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.7.2. Limpando a maquinaria. 4.7.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

DESEÑADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. ANALIZAR O MERCADO.
2. SELECCIONAR OS MATERIAIS.
3. DESEÑAR O PRODUTO.
4. COORDINAR A ELABORACIÓN DOS PROTOTIPOS.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: ANALIZAR O MERCADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Recompilar e tratar toda a información respecto ás tendencias de cada temporada.	1.1.1. Asistindo a feiras, xornadas, desfiles,... 1.1.2. Lendo revistas e publicacións especializadas. 1.1.3. Observando os modelos da xente da rúa. 1.1.4. Contactando con tendas de moda. 1.1.5. Utilizando Internet, televisión ou calquera outro medio que permita observar as tendencias da temporada.
1.2. Analizar as tendencias socioculturais.	1.2.1. Elixindo o segmento de mercado para o que va a realizar o deseño (muller, home, nenos, bebés, etc.). 1.2.2. Analizando estadísticamente as vendas dos modelos da propia empresa.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: SELECCIONAR OS MATERIAIS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Seleccionar os materiais e cores de cada modelo.	2.1.1. Seleccionando entre un abano moi amplo de tecidos e/ou tipo de fíos e ir delimitando ata o modelo final. 2.1.2. Seleccionando os cores do modelo, desenvolvendo o panel ou as cartas de cores. 2.1.3. Visualizando tendencias e conforme a elas decide os materiais a utilizar. 2.1.4. Seleccionando os tecidos ou teas e sobre eles se adapta o modelo que mellor vaia. 2.1.5. Elaborando a ficha de pedido coas características do tecido ou tea que se necesita. 2.1.6. Seleccionando os complementos.
2.2. Contactar cos provedores.	2.2.1. Acudindo a ferias de tecidos. 2.2.2. Contactando cos viaxantes e provedores de tecidos. 2.2.3. Seleccionando e elaborando listas de provedores.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3: DESEÑAR O PRODUTO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Realizar o bosquexo.	3.1.1. Creando un modelo orixinal e/ou rectificando ou copiando un deseño xa creado. 3.1.2. Elaborando o debuxo creativo, indicando as cores, formas, etc. 3.1.3. Realizando o deseño dos modelos a lapis e/ou por ordenador, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.

3.2. Elixir os complementos.	3.2.1. Indicando os complementos (bolsos, anagramas, etc.) para cada un dos modelos.
3.3. Elaborar a ficha de deseño.	3.3.1. Indicando todas as características das pezas de roupa nunha ficha de deseño determinando o tipo de tecido, adornos,…
3.4. Realizar as modificacións necesarias nos bosquexos e fichas de deseño, despois de realizar os prototipos.	3.4.1. Rectificando o debuxo, despois de realizar o prototipo, para encontrar o modelo óptimo. 3.4.2. Aprobando o bosquexo definitivo despois de que pase por patronaxe. 3.4.3. Arquivando os bosquexos definitivos. 3.4.4. Modificando os parámetros necesarios nas fichas de deseño. 3.4.5. Arquivando as fichas de deseño.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4: COORDINAR A ELABORACIÓN DOS PROTOTIPOS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Preparar o material.	4.1.1. Controlando a calidade dos materiais.
4.2. Coordinar e executar a realización do prototipo.	4.2.1. Programando as primeiras probas dando as directrices para que a peza de roupa prototipo se asemelle ao deseño. 4.2.2. Supervisar a elaboración dunha mostra de cada un dos modelos deseñados. 4.2.3. Controlando a calidade dos prototipos ao longo de toda a produción, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos e medioambiente. 4.2.4. Elixindo, en equipo co personal dotras secciones, as melloras e modificacións para realizar os cambios oportunos, sobre o prototipo.

4.3. Arquivar todos os datos do prototipo.	4.3.1. Arquivando os modelos por campaña. 4.3.2. Arquivando todas as melloras producidas sobre o prototipo inicial.
4.4. Participar na elaboración do mostrario.	4.4.1. Seleccionando as pezas de roupa propias. 4.4.2. Seleccionando as pezas de roupa compradas. 4.4.3. Participando na elaboración do mostrario final. 4.4.4. Promocionando o mostrario entre os posibles clientes.

PATRONISTA-ESCALADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O PATRÓN DO PROTOTIPO.
2. COORDINAR O PROCESO DE ELABORACIÓN DO PROTOTIPO E AS MODIFICACIONS SOBRE O PATRÓN BASE.
3. REALIZAR OS ESCALADOS E AS MARCADAS.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REALIZAR O PATRÓN DO PROTOTIPO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Analizar o deseño recibido.	1.1.1. Analizando o bosquexo da peza de roupa. 1.1.2. Estudando a ficha de deseño de cada peza de roupa.
1.2. Elaborar a ficha técnica.	1.2.1. Detallando as características técnicas de cada peza de roupa. 1.2.2. Indicando as colocacións dos distintos accesorios nas pezas de roupa. 1.2.3. Incorporando as indicacións finais aportadas dende deseño.
1.3. Realizar o patrón base, para o prototipado.	1.3.1. Utilizando os datos da ficha técnica da peza de roupa. 1.3.2. Elaborando o patrón base en papel ou cartón. 1.3.3. Elaborando o patrón base no ordenador, seguindo os pasos indicados polo programa.
1.4. Arquivar os patróns base iniciais.	1.4.1. Arquivando os patróns iniciais.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2:
COORDINAR O PROCESO DE ELABORACIÓN DO PROTOTIPO E AS MODIFICACIÓNS SOBRE O PATRÓN BASE.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Coordinar, xunto co deseñador/a, o proceso de prototipado.	2.1.1. Controlando a colocación da marcada. 2.1.2. Supervisando o corte da tea e a obtención das pezas. 2.1.3. Controlando o proceso de cosido, dándolle instrucións ao persoal de mostrario, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.1.4. Controlando a calidade das pezas de roupa elaboradas no prototipado.
2.2. Analizar as modificacións sobre o patrón base.	2.2.1. Analizando os cambios que deben realizarse sobre o patrón base. 2.2.2. Anotando as modificacións na ficha técnica.
2.3. Corrixir os erros detectados.	2.3.1. Retocando o patrón arquivado para tratar de corrixir as imperfeccións.
2.4. Realizar as fichas dos patróns.	2.4.1. Anotando todas as operacións a realizar sobre a peza de roupa (tipo de costura, puntada, etc.). 2.4.2. Anotando os detalles peculiares da peza de roupa e accesorios. 2.4.3. Anotando todos os datos técnicos para a identificación do modelo.
2.5. Arquivar as fichas técnicas e os patróns.	2.5.1. Arquivando os patróns definitivos para pasalos posteriormente a corte. 2.5.2. Arquivando as fichas técnicas.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3:
REALIZAR OS ESCALADOS E AS MARCADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Realizar o escalado das pezas de roupa que foron definitivamente aprobadas.	3.1.1. Realizando o escalado das pezas de roupa, mediante a utilización do ordenador. 3.1.2. Realizando o escalado dos patróns á man. 3.1.3. Elaborando as fichas de medidas das diferentes talles.
3.2. Arquivar os patróns de cada unha das talles.	3.2.1. Arquivando no ordenador os escalados dos diferentes talles. 3.2.2. Gardando os patróns de cartón ou papel dos distintos talles, para enviar posteriormente á sección de corte.
3.3. Crear as marcadas.	3.3.1. Realizando a marcada por ordenador, onde se distribúen da maneira máis óptima as pezas a cortar, aproveitando ao máximo a tea. 3.3.2. Creando marcadas de corte de papel a partir dos patróns de cartón, indicando os tipos de cortes que leva e o lugar exacto donde realizalos. 3.3.3. Comprobando que as pezas e as medidas sexan as adecuadas.
3.4. Enviar as marcadas á sección de corte.	3.4.1. Enviando a marcada á sección de corte. 3.4.2. Sacando a marcada co *plotter* electrónico.
3.5. Arquivar marcadas.	3.5.1. Arquivando as marcadas, para a súa utilización posterior.

PRANCHADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O TERMOFIXADO.
2. REALIZAR O PRANCHADO INTERMEDIO.
3. REALIZAR O PRANCHADO DAS PEZAS DE ROUPA TERMINADAS.
4. REALIZAR O LAVADO E SECADO DOS TECIDOS E PEZAS DE ROUPA.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REALIZAR O TERMOFIXADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Preparar as máquinas de termofixado.	1.1.1. Acendendo as máquinas. 1.1.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 1.1.3. Seleccionando as opcións da máquina (temperatura, presión, velocidade, etc.).
1.2. Realizar o pegado//termofixado das entreteas.	1.2.1. Desatando as pezas dun novo lote. 1.2.2. Colocando a peza de peza de roupa e encima a entretea, cortando posteriormente á medida, se fose necesario. 1.2.3. Comprobando as etiquetas de cada unha das pezas antes de proceder o seu termofixado e/ou pegado. 1.2.4. Pegando as entreteas antes de ir á cadea de confección. 1.2.5. Termofixando os diferentes compoñentes das pezas de roupa, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.2.6. Pegando a cada un dos produtos semielaborados unha etiqueta. 1.2.7. Atando as pezas de cada lote.

1.3. Realizar o mantemento da maquinaria.	1.3.1. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.3.2. Limpando a maquinaria. 1.3.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: REALIZAR O PRANCHADO INTERMEDIO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Preparar a maquinaria para realizar o pranchado intermedio.	2.1.1. Acendendo a prancha. 2.1.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 2.1.3. Seleccionando as opcións da máquina de pranchado (cantidade de vapor, temperatura, aspiración da mesa de pranchado, etc.) en función da composición dos compoñentes das pezas de roupa.
2.2. Realizar o pranchado intermedio dos compoñentes da peza de roupa.	2.2.1. Abrindo as costuras das pezas de roupa semielaboradas para facilitar posteriormente o cosido. 2.2.2. Separando as pezas onde detecte fallos o abrir as costuras. 2.2.3. Acondicionando as peza para a sección de corte. 2.2.4. Preparando diferentes pezas para a sección de confección. 2.2.5. Realizando o pranchado intermedio dos diferentes compoñentes dunha peza de roupa, dándolles as formas correspondentes.
2.3. Efectuar o revisado e control das pezas no pranchado intermedio.	2.3.1. Revisando cada peza para detectar anomalías. 2.3.2. Preparando a máquina de novo se hai algún erro. 2.3.3. Recortando, se fose necesario, os sobrantes.

2.4. Limpar e mantener a maquinaria.	2.4.1. Limpando as máquinas de pranchado. 2.4.2. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.4.3. Avisando o encargado/a de avarías de gran importancia.

UNIDADE DE COMPETENCIA 3: REALIZAR O PRANCHADO DAS PEZAS DE ROUPA TERMINADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Interpretar a folla de produción.	3.1.1. Seguindo as instrucións da folla de produción. 3.1.2. Verificando a composición e o talle. 3.1.3. Verificando que o modelo sexa o correcto.
3.2. Preparar a maquinaria.	3.2.1. Acendendo a prancha. 3.2.2. Regulando a aspiración da mesa, temperatura, vapor,... da prancha segundo instrucións. 3.2.3. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos.
3.3. Realizar o pranchado das diferentes pezas de roupa.	3.3.1. Recibindo as pezas de roupa identificadas 3.3.2. Limpando as manchas con líquido en pistola a presión ou outros medios dispoñibles. 3.3.3. Comprobando o talle e as medidas da peza de roupa antes de metela na prancha (longo, ancho, manga...). 3.3.4. Revisando que as pezas de roupa que proceden de confección non presentan fallos antes de pranchar. 3.3.5. Colocando as pezas de roupa de forma adecuada na mesa de pranchado, con alfileres u otros accesorios.

	3.3.6. Desprazando a prancha de man pola mesa realizando o pranchado das distintas partes das pezas de roupa. 3.3.7. Manexando diferentes máquinas de pranchado: maniquí, *topper*, carrusel, prensa, etc. 3.3.8. Realizando un repaso xeral, retocando os puntos clave unha vez pranchada a peza de roupa.
3.4. Revisar a peza de roupa despois de realizar o pranchado final, para controlar a calidade.	3.4.1. Revisando as pezas de roupa unha vez pranchadas para ver se quedan engurras, se as costuras están ben pranchadas ou outro tipo de erro. 3.4.2. Medindo a peza de roupa para comprobar se o talle é correcto, xa que o pranchado pode variar algo o tamaño das pezas de roupa sobre todo nas de punto. 3.4.3. Volvendo a preparar a máquina se se repiten os erros. 3.4.4. Realizando o control de pranchado das pezas de roupa procedentes de talleres exteriores. 3.4.5. Marcando as taras detectadas. 3.4.6. Separando as pezas de roupa con taras, avisando o encargado/a. 3.4.7. Limpando as manchas de pezas de roupa procedentes de talleres exteriores.
3.5. Etiquetar as pezas de roupa.	3.5.1. Colocando as referencias de modelo e cor na etiqueta. 3.5.2. Etiquetando, cunha máquina ou pistola, cada peza de roupa co número de talle e código de modelo.

3.6. Acondicionar as pezas de roupa para o transporte interno.	3.6.1. Cerrando os botóns, cremalleiras e similares da peza de roupa. 3.6.2. Dobrando de modo adecuado segundo modelo as pezas de roupa antes de ir ao almacén. 3.6.3. Embolsando as pezas de roupa, que están nas perchas, de maneira individual. 3.6.4. Colocando os envoltorios ás pezas de roupa que non están en perchas, como por exemplo embolsando edredóns e meténdoos en fundas individuais. 3.6.5. Cerrando as bolsas co seu correspondente precinto. 3.6.6. Colocando a peza de roupa no sistema de transporte interno da empresa.
3.7. Cubrir os partes de produción.	3.7.1. Anotando cada hora os modelos realizados. 3.7.2. Anotando as funcións e operacións que se realizaron en cada modelo. 3.7.3. Anotando os lotes que pranchou. 3.7.4. Anotando a cantidade de pezas de roupa pranchadas ao finalizar a xornada. 3.7.5. Llevando un control das pezas de roupa pranchadas ao longo da semana.
3.8. Limpar o posto de traballo e mantemento da maquinaria.	3.8.1. Limpando as máquinas con pistola de aire a presión. 3.8.2. Varrendo e fregando o seu posto de traballo. 3.8.3. Avisando o encargado/a das avarías que poidan xurdir.

UNIDADE DE COMPETENCIA 4: REALIZAR O LAVADO E SECADO DOS TECIDOS E PEZAS DE ROUPA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Lavar os panos.	4.1.1. Lavando aquelas pezas do modelo que necesitan un acondicionamento previo á cadea de confección.
4.2. Lavar pezas de roupa confeccionadas	4.2.1. Controlando o tipo de tecido das pezas de roupa a lavar, incluíndo tamén os adornos (debuxos, bordados, etc.). 4.2.2. Engadindo, segundo a peza de roupa o deterxente e o suavizante adecuado e nas cantidades precisas. 4.2.3. Engadindo diferentes sustancias para evitar a perda das cores. 4.2.4. Controlando que os procesos de lavado se desenvolvan correctamente: a lavadora colle correctamente a auga, os tempos, etc., seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.2.5. Retirando as pezas de roupa da lavadora.

4.3. Realizar o secado.	4.3.1. Introducindo as pezas de roupa na secadora 4.3.2. Controlando o tempo de secado en función das pezas de roupa (grosor, cores, puntada, etc.) e da calor subministrada, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 4.3.3. Controlando a calor, engadindo aire frío o aire quente en función da peza de roupa e nuns tempos predeterminados. 4.3.4. Utilizando a centrifugadora para escorrer as pezas de roupa.
4.4. Clasificar as pezas de roupa lavadas.	4.4.1. Separando as pezas de roupa por talles e modelos. 4.4.2. Introducindo as pezas de roupa en caixas.

PROGRAMADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. PROGRAMAR AS MÁQUINAS.
2. REALIZAR AS MOSTRAS.
3. CONTROLAR AS MÁQUINAS DURANTE A PRODUCIÓN.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: PROGRAMAR AS MÁQUINAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Programar as máquinas de tisaxe.	1.1.1. Interpretando o bosquexo ou unha idea sobre un modelo realizado polo deseñador/a. 1.1.2. Realizando o deseño da peza de roupa. 1.1.3. Introducindo o esquema da peza de roupa no ordenador, cun programa específico da máquina. 1.1.4. Programando as características do modelo, formas, tipo de tecido, debuxos, cores e os talles, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.1.5. Rexistrando os datos no ordenador. 1.1.6. Transferindo a programación a un disquete. 1.1.7. Introducindo o disquete na máquina de tecedura. 1.1.8. Transferindo a programación *on-line* directamente do ordenador á máquina de tisaxe, sen necesidade de disquetes.

UNIDADE DE COMPETENCIA 2: REALIZAR AS MOSTRAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Realizar mostras.	2.1.1. Preparando a maquinaria: poñer os fíos que necesita para a elaboración dos distintos modelos. 2.1.2. Sacando o modelo en papel

UNIDADE DE COMPETENCIA 3: CONTROLAR AS MAQUINAS DURANTE A PRODUCIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Controlar as máquinas.	3.1.1. Preparando a maquinaria: poñer os diferentes tipos de fío que leva cada modelo. 3.1.2. Efectuando os cambios de agullas e accesorios requiridos para cada modelo, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
3.2. Efectuar a reparación e mantemento das máquinas.	3.2.1. Reparando avarías de moi diferentes oríxes: eléctricas, mecánicas,... , seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 3.2.2. Realizando o cambio de pezas das máquinas: cambio de agullas... 3.2.3. Efectuando o engraxamento dos mecanismos que o necesiten. 3.2.4. Realizando a limpeza diaria das máquinas. 3.2.5. Desmontando e limpando en profundidade as máquinas ao final de campaña. 3.2.6. Avisando ao mecánico ou á casa da máquina cando a avaría é grave.
3.3. Controlar a calidade.	3.3.1. Realizando o control de calidade da produción das tricotosas.

REMALLADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O REMALLADO DE XÉNERO DE PUNTO.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REALIZAR O REMALLADO DE XÉNERO DE PUNTO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Realizar o remallado das pezas de roupa.	1.1.1. Collendo as pezas complementarias segundo cor e talle por modelo. 1.1.2. Colocando a peza nas agullas da remalladora punto por punto. 1.1.3. Superpoñendo a peza que se vai unir tamén punto por punto. 1.1.4. Remallando costas, dianteiro, ombros, mangas,...., seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.1.5. Realizando os acabados e colocando os adornos punto por punto.
1.2. Revisar as pezas de roupa.	1.2.1. Empregando un revisaluz que se ilumina e sobre o que se meten as pezas de roupa para ver os puntos que hai que coller e os fíos que hai que cortar. 1.2.2. Revisando as pezas de roupa que veñen montadas dos tallares exteriores, antes de que vaian ao lavado e pranchado.
1.3. Realizar o mantemento da máquina.	1.3.1. Limpando a máquina coa pistola da aire ou outro sistema. 1.3.2. Realizando o engrasado dos compoñentes mecánicos. 1.3.3. Repoñendo as pezas defectuosas ou gastadas: cambio de agullas..., seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.

REVISADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O CONTROL DAS PEZAS DE ROUPA CONFECCIONADAS.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REALIZAR O CONTROL DAS PEZAS DE ROUPA CONFECCIONADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Revisar as pezas de roupa confeccionadas.	1.1.1. Observando de maneira minuciosa o cosido da peza de roupa: Revisando tiranteces das costuras, petos ben colocados, baixos ben cosidos,... 1.1.2. Revisando o funcionamento das fornituras e accesorios: apertura das cremalleiras, se faltan botóns, as etiquetas,... 1.1.3. Sinalando as pezas de roupa con taras que poidan solucionarse e que se devolverán á cadea.
1.2. Repasar a peza de roupa.	1.2.1. Cortando todos aqueles fíos sobrantes da peza de roupa. 1.2.2. Repasando as listas e raias das pezas de roupa para que queden ben aliñadas.

REVISOR-REPASADOR/A

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REPASAR A PEZA DE ROUPA.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REPASAR A PEZA DE ROUPA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Repasar a peza de roupa.	1.1.1. Revisando a peza de roupa, antes de ir ao lavadoiro ou prancha, para detectar posibles fallos, rotos e/ou descosidos. 1.1.2. Separando as pezas de roupa con taras. 1.1.3. Reparando as pezas de roupa: collendo os puntos..., seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.1.4. Limpando as pezas de roupa que estean manchadas.

TECEDOR/A DE XÉNERO DE PUNTO

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR A TISAXE.

UNIDADE DE COMPETENCIA 1: REALIZAR A TISAXE.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Preparar a maquinaria.	1.1.1. Recibindo a orde de traballo ou produción co modelo a realizar e as súas características. 1.1.2. Introducindo o disco (disquetes) coa peza de roupa programada no ordenador da máquina de tecer, indicando as súas características: cantidade de pezas de roupa, marca se son dianteiras, mangas, costas… 1.1.3. Introducindo os talles a fabricar por modelo segundo as cartas de tallaxe. 1.1.4. Poñendo os fíos cando se cambia de cor ou se acaban. 1.1.5. Rectificando os guiafíos da máquina. 1.1.6. Dándolle á máquina a orde de tecer.
1.2. Realizar o tisaxe.	1.2.1. Manexando diferentes máquinas: cotton tecedoras rectilíneas, circulares,.... 1.2.2. Realizando o tisaxe das pezas por separado: dianteiro, traseiro, mangas,.. 1.2.3. Realizando a tisaxe de pezas de roupa enteiras. 1.2.4. Controlando en todo momento que a máquina non presenta ningún problema e que se esta tecendo correctamente a peza. 1.2.5. Controlando a calidade durante a produción e que as pezas se tecen coas características desexadas: que o punto non estea nin moi tenso nin moi frouxo, que non se produzan fallos, que non se manchen,...

	1.2.6. Medindo as pezas de roupa cando saen, para comprobar que non varía moito o tamaño do esperado. 1.2.7. Envolvendo e agrupando as pezas. 1.2.8. Identificando as pezas cos talles. 1.2.9. Separando as pezas defectuosas. 1.2.10. Limpando o seu posto de traballo.
1.3. Realizar o mantemento da maquinaria.	1.3.1. Lubrificando a maquinaria de forma periódica. 1.3.2. Realizando os cambios das pezas da maquinaria cando estean gastadas ou danadas, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.3.3. Avisando o encargado/a cando a avaría é de importancia.

8.1.2. COMPETENCIAS PROFESIONAIS IDEAIS

ALMACENEIRO/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. RECEPCIONAR AS MATERIAS PRIMAS, PRODUTOS SEMIELABORADOS E PEZAS DE ROUPA ELABORADAS.
2. IDENTIFICAR E CLASIFICAR OS MATERIAIS.
3. ENVIAR AS MATERIAS PRIMAS AS DIFERENTES SECCIÓNS DA FÁBRICA E AOS TALLERES EXTERIORES.
4. ENVIAR OS PRODUTOS ELABORADOS AO CLIENTE E/OU ÁS TENDAS DE DISTRIBUCIÓN.

U.C.1: RECEPCIONAR AS MATERIAS PRIMAS, PRODUTOS SEMIELABORADOS E PEZAS DE ROUPA ELABORADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Realizar a recepción das materias primas.	1.1.1. Comprobando que o albará de entrada corresponda co pedido solicitado. 1.1.2. Descargando os palés coas materias primas, con axuda de medios mecánicos. 1.1.3. Colocando os palés na zona de inspección.
1.2. Realizar a recepción dos produtos semielaborados das diferentes seccións da empresa.	1.2.1. Descargando as pezas semielaboradas do sistema de transporte interno da empresa. 1.2.2. Colocando as pezas de forma ordenada para a súa posterior distribución.
1.3. Recepcionar os produtos elaborados dos talleres exteriores.	1.3.1. Comprobando no albará o tipo de produto e o taller que o envía. 1.3.2. Descargando os produtos que proveñen de talleres exteriores.

1.4. Cubrir os partes de entrada.	1.4.1. Anotando no parte de entradas as características do produto: tipo de produto, cantidade, etc. 1.4.2. Comprobando no parte de entrada os prazos de envío. 1.4.3. Anotando as incidencias que se puidesen producir.
1.5. Recibir os produtos finalizados na propia empresa.	1.5.1. Recollendo as pezas de roupa elaboradas no sistema de transporte interno. 1.5.2. Colocando as pezas de roupa nas zonas previas a súa distribución polo almacén.

U.C. 2:

IDENTIFICAR, CLASIFICAR E DISTRIBUIR OS MATERIAIS QUE ENTRAN no ALMACÉN, TANTO MATERIAS PRIMAS, COMO PRODUTOS SEMIELABORADOS E ELABORADOS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Identificar, clasificar e distribuír os materiais que entran no almacén.	2.1.1. Separando os materiais en función da súa natureza (materias primas, produtos, etc.). 2.1.2. Colocando unha etiqueta identificativa das materias primas entrantes. 2.1.3. Separando as partidas que non cumpren os requisitos demandados, para a súa posterior devolución. 2.1.4. Ordenando e distribuindo os materiais en función da orde de utilización. 2.1.5. Sinalizando cada un dos produtos semielaborados segundo a súa orixe. 2.1.6. Distribuíndo os produtos semielaborados no almacén. 2.1.7. Anotando as características dos produtos semielaborados. 2.1.8. Clasificando os produtos elaborados segundo o cliente ao que van dirixidos.

	2.1.9. Distribuíndo as pezas de roupa no almacén. 2.1.10. Anotando todos os datos relevantes e incidencias.
2.2. Realizar o mantemento da maquinaria ao seu cargo.	2.2.1. Lubrificando as máquinas de transporte e almacenaxe. 2.2.2. Reparando pequenas avarías nas cintas transportadoras. 2.2.3. Realizando o mantemento das carretillas elevadoras.
2.3. Realizar a limpeza do posto de traballo.	2.3.1. Colocando en contedores apropiados os restos de etiquetas, precintos e bolsas rotas. 2.3.2. Recollendo e gardando os materiais sobrantes.

U.C. 3:
ENVIAR AS MATERIAS PRIMAS A AS DIFERENTES SECCIÓNS DA FÁBRICA E A OS TALLERES EXTERIORES.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Enviar as materias primas ás distintas seccións da empresa que o soliciten.	3.1.1. Comprobando os datos de identificación de cada un dos lotes de produtos. 3.1.2. Analizando os pedidos solicitados. 3.1.3. Separando os materiais solicitados. 3.1.4. Enviando polo sistema interno de transporte as materias primas solicitadas ás seccións da empresa que así o soliciten.
3.2. Enviar as materias primas aos talleres exteriores.	3.2.1. Analizando os pedidos solicitados. 3.2.2. Procedendo á carga dos camións cos materiais. 3.2.3. Cobre o parte de saída

U.C. 4:
ENVIAR OS PRODUTOS ELABORADOS AO CLIENTE E/OU AS TENDAS DE DISTRIBUCIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Enviar os produtos por diferentes canles de distribución aos clientes.	4.1.1. Comprobando os datos de identificación de cada un dos lotes de produtos. 4.1.2. Comprobando os datos do cliente ou tienda para realizar o envío. 4.1.3. Cargando os palés cos produtos nos camións para a súa distribución.
4.2. Cubrir os partes de saída.	4.2.1. Identificando aos produtos saíntes co lote de fabricación. 4.2.2. Anotando no parte de saída as características do envío: tipo de produtos, cantidade, etc.

BORDADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1: ORGANIZAR O INICIO DO PROCESO.

2: PREPARAR A MÁQUINA PARA REALIZAR O BORDADO DE PROBA.

3: REALIZAR O BORDADO.

U.C. 1: ORGANIZAR O INICIO DO PROCESO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar a ficha técnica.	1.1.1. Analizando o tipo de debuxo a bordar. 1.1.2. Analizando o tipo de fío e puntada. 1.1.3. Interpreta a forma de realizar a montaxe do compoñente da peza de roupa ou parte dela, sobre a máquina de bordar. 1.1.4. Analizando as instrucións do deseñador.
1.2. Interpretar a folla de produción.	1.2.1. Analizando o número de pezas de roupa e/ou partes delas que van ser bordadas. 1.2.2. Analizando o número de debuxos en cada parte ou peza de roupa.

U.C. 2:
PREPARAR A MÁQUINA PARA REALIZAR O BORDADO DE PROBA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Colocar as materias primas.	2.1.1. Seleccionando as materias primas a utilizar. 2.1.2. Colocando os conos e/ou bobinas na máquina.
2.2. Axustar os elementos complementarios da maquinaria.	2.2.1. Colocando os diferentes elementos na máquina: agullas, fíos, bastidor, etc. 2.2.2. Realizando o axuste de cada elemento.
2.3. Comprobar o desenvolvemento da proba.	2.3.1. Comparando a proba realizada co debuxo orixinal. 2.3.2. Realizando as modificacións necesarias na máquina e os materiais para conseguir o debuxo orixinal.

U.C. 3:
REALIZAR O BORDADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Efectuar a preparación para o bordado.	3.1.1. Axustando á máquina a tea sobre a que se vai efectuar o bordado. 3.1.2. Colocando os conos de fío na máquina. 3.1.3. Cambiando as agullas segundo tipo de bordado. 3.1.4. Enfiando as agullas e os guiafios da máquina. 3.1.5. Introducindo os disquetes cos debuxos que se van bordar.

3.2. Vixiar o correcto desenvolvemento do bordado.	3.2.1. Realizando a posta en marcha da maquinaria. 3.2.2. Realizando a unión dos fíos cando estes se rompen. 3.2.3. Regulando a tensión dos fíos. 3.2.4. Vixiando que o bordado non saia desviado ou fóra de lugar na tea ou tecido.
3.3. Sinalizar os defectos encontrados.	3.3.1. Marcando con fío, pistola, etiqueta ou outro medio o defecto para realizar con posterioridade a súa reparación.
3.4. Ordenar a produción.	3.4.1. Agrupando as pezas de roupa elaboradas segundo o tipo de bordado. 3.4.2. Separando as pezas de roupa segundo sexa correcto o bordado, teña defectos que poida reparar ou que non poida reparar.
3.5. Reparar os defectos.	3.5.1. Desfacendo o bordado. 3.5.2. Axustando de novo a tea na máquina. 3.5.3. Realizando o bordado de maneira manual.
3.6. Cubrir os partes de produción.	3.6.1. Anotando os incidentes que ocorreran durante a quenda. 3.6.2. Anotando as cantidades de pezas ou pezas de roupa bordadas. 3.6.3. Anotando o modelo de debuxo realizado.
3.7. Limpar o posto de traballo.	3.7.1. Separando, para poder reciclar posteriormente, os residuos (fíos, agullas, etc.). 3.7.2. Limpando a maquinaria con pistola de aire ou similar.
3.8. Realizar o mantemento da maquinaria.	3.8.1. Lubrificando a maquinaria. 3.8.2. Reparando pequenas avarías que poidan xurdir. 3.8.3. Avisando o encargado cando a avaría é de importancia.

CORTADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. PREPARAR OS TECIDOS PARA O CORTE INTERPRETANDO AS FOLLAS DE PRODUCIÓN.
2. REALIZAR O CORTE.
3. CLASIFICAR E CONTROLAR AS PEZAS PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN.

U.C. 1: PREPARAR OS TECIDOS PARA O CORTE INTERPRETANDO AS FOLLAS DE PRODUCIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar a orde de produción recibida.	1.1.1. Comprobando o tallaxe e medidas indicadas na folla de produción. 1.1.2. Identificando as diferentes pezas a obter no corte e a súa ubicación na peza de roupa final (dianteiros, mangas, etc.). 1.1.3. Identificando o tipo de marcada. 1.1.4. Analizando o número total de pezas que se queren obter.
1.2. Realizar o estendido das teas para o corte.	1.2.1. Preparando a cama ou base da mesa de corte, extendendo o cartón onde se van colocar as teas. 1.2.2. Introducindo os datos no carro de estendido (altura do colchón, longo, etc.). 1.2.3. Realizando o estendido das teas por cores segundo indicacións na folla de produción. 1.2.4. Analizando os tecidos para detectar taras ou fallos nestes. 1.2.5. Retirando aqueles compoñentes da peza de roupa que presenten defectos.

1.3. Realizar a limpeza do posto.	1.3.1. Limpando o carro de estendido con pistola de aire ou outro sistema adecuado. 1.3.2. Recollendo e gardando as teas sobrantes.

U.C. 2: REALIZAR O CORTE.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Preparar a maquinaria para o corte.	2.1.1. Acendendo a maquinaria. 2.1.2. Seleccionando e axustando as coitelas das máquinas (automática, semiautomática e manual) segundo o modelo e a tallaxe. 2.1.3. Preparando os elementos das diferentes máquinas de corte (automática, semiautomática e manual). 2.1.4. Cambiando a *plantilla* ou troquel cando se realiza o corte de pezas de uso habitual.
2.2. Colocar a marcada.	2.2.1. Verificando que a marcada sexa a correspondente aos modelos que se van cortar. 2.2.2. Estendendo a marcada sobre o colchón, de forma manual. 2.2.3. Seleccionando a marcada na terminal do ordenador cando esta se encontre informatizada.
2.3. Realizar o corte.	2.3.1. Axustando o colchón de teas na máquina de corte. 2.3.2. Regulando a velocidade de corte das máquinas segundo o tipo de tecido. 2.3.3. Efectuando o corte polos puntos de corte, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.3.4. Vixiando o correcto desenvolvemento do corte nas máquinas. 2.3.5. Depositando as teas cortadas no lugar destinado para iso.

2.4. Repasar a peza cando sexa necesario.	2.4.1. Identificando posibles defectos no tecido. 2.4.2. Igualando os compoñentes da peza de roupa con axuda de medidor. 2.4.3. Repasando coa tesoira manual as pezas cortadas que non están ben acabadas. 2.4.4. Perfilando as diferentes partes (colos, *sisas*, etc.), seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
2.5. Realizar o mantemento da maquinaria.	2.5.1. Realizando pequenos axustes e reparacións, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.5.2. Avisando o encargado/a cando a avaría é de gran importancia.
2.6. Limpar a zona de traballo.	2.6.1. Separando os restos de tecido obtidos despois do corte, no seu contedor específico. 2.6.2. Recollendo as súas ferramentas (tesoiras, alfinetes, xices, etc.) e colocándoas no seu lugar correspondente. 2.6.3. Limpando coas ferramentas adecuadas (pistola de aire, vasoira, etc.) o seu posto de traballo. 2.6.4. Gardando as materias primas sobrantes nun lugar adecuado.

U.C. 3:
CLASIFICAR E CONTROLAR AS PEZAS DE ROUPA PARA A SÚA DISTRIBUCIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Separar os compoñentes das pezas de roupa cortadas perfectamente das que posúen taras.	3.1.1. Inspeccionando as pezas para detectar defectos no corte. 3.1.2. Retirando as pezas dañadas que non pode reparar el mesmo.
3.2. Identificar as pezas xa cortadas segundo o talle e o modelo.	3.2.1. Agrupando as diferentes pezas en función do talle e modelo. 3.2.2. Etiquetando as pezas e/ou os paquetes de pezas.
3.3. Distribuír os compoñentes das pezas de roupa cara á seguinte fase do proceso productivo.	3.3.1. Colocando as pezas ne seu lugar correspondiente, mediante o sistema de transporte adecuado.
3.4. Cubrir os partes de produción da máquina de corte.	3.4.1. Anotando os modelos cortados. 3.4.2. Anotando os talles cortados. 3.4.3. Anotando a cantidade de pezas cortadas. 3.4.4. Engadindo os partes de produción aos paquetes de pezas.

COSEDOR - ENSAMBLADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. INTERPRETAR AS FOLLAS DE PRODUCIÓN.
2. REALIZAR O COSIDO E ENSAMBLAXE DAS PEZAS PARA A CONFIGURACIÓN DA ESTRUTURA.
3. REALIZAR O COSIDO E MONTAXE DAS PEZAS FUNDAMENTAIS.

U.C. 1: INTERPRETAR AS FOLLAS DE PRODUCIÓN E CONTROLAR A MAQUINARIA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar a folla de produción.	1.1.1. Analizando os compoñentes principais da peza de roupa que debe de unir. 1.1.2. Interpretando as pezas complementarias que debe engadir a estrutura da peza de roupa.
1.2. Interpretar a lista de fases.	1.2.1. Estudando o tipo de puntada, de costura,... que debe efectuar. 1.2.2. Analizando o tipo de máquina que debe utilizar. 1.2.3. Estudando a lista de tarefas que debe ir executando e a orde destas.
1.3. Preparar a máquina para o seu funcionamento.	1.3.1. Colocando a agulla e os accesorios da máquina. 1.3.2. Colocando de forma adecuada a canela co fío e enfiando posteriormente a agulla. 1.3.3. Regulando as tensións dos fíos. 1.3.4. Reparando as roturas que se poidan producir nos fíos. 1.3.5. Axustando os diferentes accesorios da máquina. 1.3.6. Programando a maquinaria coas características de cosido (número de puntadas, velocidade, remate ...).

1.4. Realizar o mantemento da maquinaria	1.4.1. Engraxando a maquinaria. 1.4.2. Cambiando as agullas e os accesorios desgastados ou rotos. 1.4.3. Reparando pequenas avarías. 1.4.4. Avisando o encargado cando as avarías son de importancia. 1.4.5. Limpando a maquinaria de posibles restos.

U.C. 2: REALIZAR O COSIDO DAS PEZAS PARA A CONFIGURACIÓN DA ESTRUTURA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Analizar as instrucións das operacións que debe realizar.	2.1.1. Estudando os compoñentes das pezas de roupa que vai coser. 2.1.2. Analizando as operacións que entrañen dificultade.
2.2. Colocar as pezas para realizar o ensamblaxe e/ou costura.	2.2.1. Collendo as pezas do sistema de transporte. 2.2.2. Solapando as pezas que van ser unidas comprobando que as medidas sexan as correctas.
2.3. Realizar o cosido das pezas.	2.3.1. Acendendo a máquina de coser. 2.3.2. Colocando as pezas baixo o cabezal da máquina. 2.3.3. Guiando a tea coas mans á vez que acciona a máquina de coser, para realizar a unión das pezas. 2.3.4. Comprobando as costuras para detectar defectos. 2.3.5. Rematando as costuras.
2.4. Clasificar os compoñentes das pezas de roupa.	2.4.1. Identificando posibles taras na peza de roupa. 2.4.2. Reparando os defectos que poida. 2.4.3. Separando as pezas que non poida reparar. 2.4.4. Agrupando as pezas en paquetes.

2.5. Cubrir o parte de produción.	2.5.1. Anota o número de pezas cosidas segundo o modelo. 2.5.2. Anota as incidencias na folla de ruta.
2.6. Limpar o posto de traballo.	2.6.1. Separando nunha bolsa, para a súa posterior reciclaxe, os residuos xerados (teas, fíos, tecidos, etc.). 2.6.2. Varrendo, os restos que non se poden reciclar, da superficie do chan.

U.C. 3: REALIZAR O COSIDO E ENSAMBLAXE DAS PEZAS FUNDAMENTAIS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Analizar as instrucións das operacións que debe realizar.	3.1.1. Estudando os compoñentes das pezas de roupa que vai coser. 3.1.2. Analizando as operacións que entrañen dificultade.
3.2. Colocar as pezas para realizar a ensamblaxe.	3.2.1. Collendo as pezas do sistema de transporte. 3.2.2. Solapando as pezas que van ser unidas comprobando que as medidas sexan as correctas.
3.3. Realizar o ensamblaxe das pezas para compoñer a peza de roupa.	3.3.1. Acendendo a máquina de coser. 3.3.2. Colocando as pezas unidas baixo o cabezal da máquina. 3.3.3. Guiando a tea á vez que se acciona a máquina de coser.
3.4. Realizar operacións complementarias para colocar as fornituras.	3.4.1. Realizando ollais. 3.4.2. Pegando botóns. 3.4.3. Aplicando complementos (*cordoncillos*, elásticos, ...).

3.5. Realizar os acabados das pezas de roupa.	3.5.1. Realizando puntadas de adorno. 3.5.2. Colocando distintos adornos segundo o modelo: cintas, churros, plumas, etc. 3.5.3. Realizando os acabados especificados para cada peza de roupa: remaches, baixos, vivos, etc.
3.6. Colocar as etiquetas.	3.6.1. Verificando que as etiquetas sexan as especificadas na folla de produción. 3.6.2. Cosendo, nas súas zonas correspondentes, as etiquetas con a marca, composición da peza de roupa, talles, etc.
3.7. Clasificar as pezas de roupa.	3.7.1. Separando as pezas de roupa perfectamente cosidas e ensambladas daquelas que presenten defectos. 3.7.2. Colocando as pezas de roupa no sistema de transporte.
3.8. Reparar as pezas de roupa defectuosas.	3.8.1. Identificando posibles taras na peza de roupa. 3.8.2. Eliminando os fíos e restos de tea que poidan quedar. 3.8.3. Descosendo as pezas que teñen defectos. 3.8.4. Corrixindo os posibles fallos que xurdan nas puntadas. 3.8.5. Cosendo de novo a peza de roupa. 3.8.6. Separando as pezas de roupa que non poida reparar.
3.9. Cubrir o parte de produción.	3.9.1. Anota o número de pezas de roupa cosidas segundo o modelo. 3.9.2. Anota as incidencias na folla de ruta.
3.10. Limpar o posto de traballo.	3.10.1. Separando nunha bolsa, para a súa posterior reciclaxe, os residuos xerados (teas, fíos, tecidos, etc.). 3.10.2. Varrendo, os restos que non se poden reciclar, da superficie do chan.

DESEÑADOR/A TÉXTIL

NIVEL 4

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR ESTUDOS DE MERCADO E SOCIAL.
2. INVESTIGAR O PRODUTO (MATERIAIS, CORES, ETC)
3. DESEÑAR O PRODUTO.
4. DESENVOLVER AS FASES DE PREPARACIÓN TÉCNICA E PRODUCIÓN.

U.C. 1: REALIZAR ESTUDOS DE MERCADO E SOCIAL.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Investigar sobre tendencias modais do mercado.	1.1.1. Consultando información en libros e revistas especializadas. 1.1.2. Consultando tendencias doutros deseñadores. 1.1.3. Asistindo a ferias e desfiles de moda.
1.2. Consultar información sobre as tendencias socioculturais.	1.2.1. Consultando información de colecciónns anteriores. 1.2.2. Recompilando información sobre os gustos e preferencias dos consumidores.

U.C. 2:
INVESTIGAR O PRODUTO (MATERIAIS, CORES, ETC).

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Estudar e seleccionar materiais e cores.	2.1.1. Investigando en revistas e mercados especializados. 2.1.2. Consultando a carta de cores para a nueva temporada. 2.1.3. Realizando probas con diferentes materiais e cores. 2.1.4. Analizando as mostras obtidas. 2.1.5. Seleccionando os materiais e cores adecuados ao bosquexo. 2.1.6. Analizando os orzamentos dos materiais escollidos. 2.1.7. Entregando o técnico de compras a ficha de pedido dos materiais.
2.2. Estudar e seleccionar tipo de fiadura e mostras de tecido.	2.2.1. Escollendo o tipo de fíos. 2.2.2. Realizando ensaios para a selección de tecido. 2.2.3. Analizando as diferentes texturas obtidas. 2.2.4. Analizando as mostras obtidas.
2.3. Realizar as fichas de control das probas.	2.3.1. Anotando os resultados das probas en fichas de control.

U.C. 3:
DESEÑAR O PRODUTO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Interpretar o encargo realizado polo cliente.	3.1.1. Analizando as características xerais do produto solicitado.
3.2. Realizar o figurino da peza de roupa.	3.2.1. Debuxando o modelo, establecendo as formas da peza de roupa. 3.2.2. Describindo o tipo de acabado do modelo. 3.2.3. Realizando anotacións sobre o tipo de operacións que se deben realizar na peza de roupa.

3.3. Realizar o debuxo técnico do tecido.	3.3.1. Indicando as diferentes partes que compoñen unha peza de roupa. 3.3.2. Indicando as medidas: longo e ancho.
3.4. Describir os accesorios dos modelos.	3.4.1. Realizando o debuxo dos accesorios do modelo.
3.5. Realizar as modificacións necesarias sobre o deseño.	3.5.1. Realizando modificacións técnicas (medidas, cores, etc.).
3.6. Presentar os deseños definitivos a xerencia.	3.6.1. Explicando a ficha técnica do modelo. 3.6.2. Efectuando unha valoración das expectativas do modelo.

U.C. 4:
DESARROLLAR LAS FASES DE PREPARACIÓN TÉCNICA E PRODUCIÓN

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Preparar a ficha técnica para o desenvolvemento do prototipo.	4.1.1. Indicando os materiais a utilizar para o desenvolvemento do prototipo. 4.1.2. Especificando as cores e as cantidades de cada un. 4.1.3. Especificando, xunto co coordinador/a técnico da produción e o patronista, de modo detallado cada unha das operacións do prototipo. 4.1.4. Elaborando, co coordinador/a técnico da produción, os escandallos das pezas de roupa deseñadas.

4.2. Controlar a fabricación do prototipo.	4.2.1. Colaborando co patronista, o coordinador/a técnico e os encargados para realizar en prototipo. 4.2.2. Indicandolles aos operarios das diferentes seccións o obxectivo que se pretende conseguir. 4.2.3. Atendendo suxestións sobre melloras e/ou modificacións no prototipo inicial.
4.3. Presentar os prototipos a xerencia.	4.3.1. Mostrando á dirección da empresa o mostrario cos modelos da temporada.
4.4. Elaborar a ficha técnica definitiva para o desenvolvemento das pezas de roupa.	4.4.1. Indicando os materiais que se van utilizar para crear as pezas de roupa. 4.4.2. Especificando as cores e as cantidades de cada un. 4.4.3. Indicando de modo detallado cada unha das operacións que forman a peza de roupa final, xunto co patronista e o coordinador/a técnico da produción.
4.5. Arquivar os bosquexos, catálogos e fichas técnicas.	4.5.1. Gardando os bosquexos que non foron aprobados para colecciónS posteriores. 4.5.2. Arquivando os debuxos aprobados. 4.5.3. Almacenando as fichas técnicas.

PATRONISTA - ESCALADOR/A

NIVEL 3

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O PATRÓN DO PROTOTIPO EN FUNCIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE DESEÑO.
2. COORDINAR A REALIZACIÓN DO PROTOTIPO E APLICAR AS CORRECCIÓNS AO PATRÓN INICIAL SEGUNDO INDICACIÓNS DE DESEÑO.
3. ELABORAR OS PATRÓNS DOS PROTOTIPOS APROBADOS.
4. REALIZAR OS ESCALADOS E AS MARCADAS PARA A PRODUCIÓN INDUSTRIAL.

U.C. 1:
REALIZAR O PATRÓN DO PROTOTIPO EN FUNCIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE DESEÑO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar as instrucións recibidas dos deseñadores.	1.1.1. Analizando as características referidas a tipos de tecidos, cores, etc. 1.1.2. Estudando os accesorios e complementos que vai levar a peza de roupa. 1.1.3. Colaborando co departamento de deseño, suxerindo modificacións para a mellora do prototipo.
1.2. Interpretar a ficha técnica do departamento de deseño.	1.2.1. Analizando as medidas do patrón. 1.2.2. Interpretando os datos técnicos dos complementos e accesorios da peza de roupa.
1.3. Realizar o patrón do prototipo.	1.3.1. Trazando nun cartón ou mediante programas informáticos específicos, os patróns de cada unha das pezas que compoñen a peza de roupa: mangas, costas, dianteiro,... 1.3.2. Sinalando as especificacións da peza de roupa: ollais, costuras... 1.3.3. Introducindo todos os datos no ordenador, para a súa posterior utilización.

U.C. 2:
COORDINAR A REALIZACIÓN DO PROTOTIPO E APLICAR AS CORRECCIÓNS AO PATRÓN INICIAL.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Supervisar a realización do prototipo.	2.1.1. Indicando á sección de corte como realizar este da maneira máls adecuada. 2.1.2. Dando instrucións á cadea de confección sobre a fabricación do prototipo. 2.1.3. Indicando á sección de acabados os procedementos para obter a peza de roupa en correcto estado.
2.2. Analizar o prototipo inicial en busca de defectos ou posibles melloras.	2.2.1. Estudando as posibles dificultades na fabricación da peza de roupa detectadas. 2.2.2. Comprobando posibles erros na fabricación do prototipo derivados da elaboración do patrón. 2.2.3. Anotando os datos e incidencias nas follas de produción. 2.2.4. Estudando xunto cos deseñadores os defectos encontrados e a forma máis adecuada de evitarlos e/ou de mellorar o produto.
2.3. Efectuar correccións sobre o patrón inicial.	2.3.1. Interpretando as modificacións recibidas dos deseñadores e obtidas polo mesmo sobre o patrón inicial. 2.3.2. Realizando modificacións sobre os patróns das diferentes partes da peza de roupa. 2.3.3. Verificando o metraxe e anchuras.

U.C. 3: ELABORAR OS PATRONES DOS PROTOTIPOS APROBADOS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Realizar as fichas técnicas dos patróns.	3.1.1. Anotando os detalles peculiares da peza de roupa e accesorios. 3.1.2. Anotando todos os datos técnicos para a identificación do modelo. 3.1.3. Anotando todas as operacións a realizar sobre a peza de roupa (tipo de costura, puntada, etc.). 3.1.4. Colaborando, co coordinador/a técnico da produción, na elaboración da folla de produción. 3.1.5. Elaborando informes cos patróns para a fabricación das pezas de roupa en talleres exteriores.
3.2. Realizar os patróns dos prototipos acabados.	3.2.1. Analizando as especificacións técnicas do patrón inicial. 3.2.2. Debuxando os diferentes compoñentes que formarán a peza de roupa final. 3.2.3. Sinalando no patrón as partes que requiren unha atención concreta: piquetes, costuras, pinzas, etc. 3.2.4. Comprobando que non haxa desviacións sobre o patrón inicial.
3.3. Arquivar as fichas técnicas dos patróns aprobados.	3.3.1. Recollendo e arquivando os patróns e as modificacións realizadas, para a súa utilización posterior.

U.C. 4:
REALIZAR OS ESCALADOS E AS MARCADAS PARA A PRODUCIÓN INDUSTRIAL.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Realizar os escalados das pezas de roupa.	4.1.1. Realizando os aumentos e/ou diminucións de talle, no patrón inicial. 4.1.2. Sinalizando os aumentos e/ou disminuciones realizadas
4.2. Realizar as marcadas, para que despois poidan ser utilizadas na sección de corte.	4.2.1. Decidindo a colocación máis proveitosa dos patróns no tecido. 4.2.2. Procedendo a efectuar a marcada por medio manual ou en soporte informático, para gardala posteriormente. 4.2.3. Enviando cando se requira, a marcada, á sección de corte
4.3. Arquivar as fichas dos escalados e as marcadas.	4.3.1. Arquivando os escalados e as marcadas realizadas, para a súa utilización posterior.

PRANCHADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR O TERMOFIXADO.
2. REALIZAR O PRANCHADO INTERMEDIO DOS TECIDOS/PEZAS DE ROUPA.
3. REALIZAR O PRANCHADO PARA O ACABADO DAS PEZAS DE ROUPA.
4. REALIZAR O LAVADO E SECADO DE TECIDOS E PEZAS DE ROUPA.

U.C. 1: REALIZAR O TERMOFIXADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar as follas de produción.	1.1.1. Verificando a composición da tea. 1.1.2. Comprobando que as talles sexan os adecuados. 1.1.3. Comprobando o modelo.
1.2. Realizar a posta en marcha e apagado da maquinaria.	1.2.1. Acendendo as máquinas. 1.2.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 1.2.3. Seleccionando as opcións da máquina (temperatura, presión, velocidade, etc.). 1.2.4. Efectuando a desconexión da maquinaria.
1.3. Recoller as pezas.	1.3.1. Recibindo as pezas polo sistema de transporte. 1.3.2. Recollendo as pezas na sección de corte.
1.4. Analizar as pezas previamente o termofixado.	1.4.1. Colocando as pezas sobre a mesa auxiliar, verificando as súas características. 1.4.2. Analizando de forma visual as pezas en busca de anomalías. 1.4.3. Analizando de forma táctil as pezas.

1.5. Unir tecidos e entretea mediante a prancha ou máquina de termofixado.	1.5.1. Colocando as pezas coas súas respectivas entreteas. 1.5.2. Accionando a prancha ou máquina de termofixado. 1.5.3. Agrupando e etiquetando os produtos semielaborados.
1.6. Detectar os defectos nas pezas.	1.6.1. Localizando taras nas pezas. 1.6.2. Marcando os defectos detectados. 1.6.3. Separando as pezas defectuosas para a súa posterior reparación.
1.7. Colocar as pezas no sistema de transporte.	1.7.1. Unindo nun mesmo fardo diferentes pezas do mesmo modelo e talle. 1.7.2. Colocando as pezas no sistema de transporte (aéreo, cubetas, carros, etc.)
1.8. Realizar o mantemento da maquinaria.	1.8.1. Reparando pequenas avarías. 1.8.2. Limpando a maquinaria. 1.8.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

U.C. 2:
REALIZAR O PRANCHADO INTERMEDIO DOS TECIDOS/PEZAS DE ROUPA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Interpretar as follas de produción.	2.1.1. Verificando a composición do tecido. 2.1.2. Comprobando que o talle sexa o adecuado. 2.1.3. Comprobando o modelo. 2.1.4. Consultando a tinguidura.
2.2. Realizar a posta en marcha e apagado da maquinaria.	2.2.1. Acendendo a prancha. 2.2.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos.

	2.2.3. Seleccionando as opcións da máquina (cantidade de vapor, temperatura, presión, tempo, etc.) en función da composición do tecido e a tinguidura. 2.2.4. Efectuando a desconexión da maquinaria.
2.3. Recoller os tecidos/pezas de roupa.	2.3.1. Recibindo os tecidos do sistema de transporte. 2.3.2. Quitando a percha ou sistemas de suxeición.
2.4. Analizar os tecidos/pezas de roupa previamente ao pranchado.	2.4.1. Colocando os tecidos/pezas de roupa sobre a mesa auxiliar. 2.4.2. Verificando o tipo de tecido/peza de roupa a pranchar e as súas características. 2.4.3. Analizando de forma visual os tecidos/peza de roupa en busca de anomalías. 2.4.4. Analizando de forma táctil os tecidos/peza de roupa.
2.5. Realizar o pranchado intermedio dos tecidos/pezas de roupa.	2.5.1. Elixindo o programa máis adecuado a cada tipo de tecido e cor, segundo a ficha técnica. 2.5.2. Diferenciando nas pezas de roupa se se vai pranchar toda a peza de roupa ou só unha parte (mangas, dianteiros, etc.). 2.5.3. Colocando as pezas de roupa nas máquinas de forma correcta, seguindo un gráfico de talles e/ou forma. 2.5.4. Axustando as diferentes partes da peza de roupa á mesa de prancha con alfinetes e outros accesorios. 2.5.5. Regulando a temperatura, presión, tempo, en función das características do tecido: cor, tipo de tecido... 2.5.6. Executando o pranchado intermedio. 2.5.7. Retirando a peza de roupa da mesa de pranchado.
2.6. Detectar defectos en pezas de roupa.	2.6.1. Localizando taras en tecidos e pezas de roupa. 2.6.2. Marcando os defectos detectados. 2.6.3. Separando as pezas de roupa defectuosas para a súa posterior reparación.

2.7. Colocar as pezas de roupa no sistema de transporte.	2.7.1. Unindo nun mesmo fardo deferentes pezas de roupa do mesmo modelo e talle. 2.7.2. Colocando as pezas de roupa no sistema de transporte (aéreo, cubetas, carros, etc.)
2.8. Realizar o mantemento da maquinaria.	2.8.1. Reparando pequenas avarías. 2.8.2. Limpando a maquinaria. 2.8.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

U.C. 3:
REALIZAR O PRANCHADO PARA O ACABADO DAS PEZAS DE ROUPA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Interpretar as follas de produción.	3.1.1. Verificando a composición do tecido. 3.1.2. Comprobando que o talle sexa o adecuado. 3.1.3. Comprobando o modelo. 3.1.4. Consultando a tinguidura.
3.2. Realizar a posta en marcha e apagado da maquinaria.	3.2.1. Acendendo a prancha. 3.2.2. Comprobando o correcto funcionamento dos aparatos. 3.2.3. Seleccionando as opcións da máquina (cantidade de vapor, temperatura, presión, tempo, etc.) en función da composición do tecido e a tinguidura. 3.2.4. Efectuando a desconexión da maquinaria.
3.3. Preparar as pezas de roupa para o pranchado.	3.3.1. Recibindo as pezas de roupa por sistema aéreo ou por carros. 3.3.2. Colocando a peza de roupa sobre a mesa de prancha. 3.3.3. Axustando as formas da peza de roupa á mesa de prancha. 3.3.4. Verificando o correcto funcionamento do sistema de aspirado.

3.4. Repasar as pezas de roupa para mejorar las características propias do tecido ou para eliminar os posibles defectos que puidera ter.	3.4.1. Corrixindo os posibles defectos nas medidas e as formas. 3.4.2. Eliminando os brillos e engurras que poida ter a peza de roupa. 3.4.3. Eliminando manchas mediante a aplicación de disolventes. 3.4.4. Reduciendo ou aumentando a peza de roupa hasta chegar á medida adecuada. 3.4.5. Repasando cada unha das partes da peza de roupa (puños, elásticos, colos, mangas, ...)
3.5. Realizar o pranchado final da peza de roupa.	3.5.1. Colocando a peza de roupa de manera adecuada na prensa, *topper*, maniquíns, carruseis ou outro tipo de maquinaria de pranchado. 3.5.2. Accionado os mecanismos dos diferentes equipos de pranchado. 3.5.3. Retirando a peza de roupa da maquinaria de pranchado.
3.6. Inspeccionar a peza de roupa.	3.6.1. Revisando o correcto pranchado das costuras 3.6.2. Quitando os fíos que sobran.
3.7. Realizar o etiquetaxe das pezas de roupa.	3.7.1. Colocando as etiquetas de control da calidade, que confirman a realización do pranchado. 3.7.2. Colocando as pezas de roupa no sistema de transporte segundo modelo e talle, para o seu traslado ao almacén.
3.8. Cubrir os partes de produción.	3.8.1. Efectuando un reconto das pezas de roupa pranchadas. 3.8.2. Indicando os modelos e talles pranchados. 3.8.3. Anotando os defectos encontrados. 3.8.4. Entregándolle os partes cubertos ao encargado/a
3.9. Realizar o mantemento da maquinaria.	3.9.1. Reparando pequenas avarías. 3.9.2. Limpando a maquinaria. 3.9.3. Avisando o encargado/a de avarías significativas.

U.C. 4:
REALIZAR O LAVADO E SECADO DE TECIDOS E PEZAS DE ROUPA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Lavar os panos.	4.1.1. Lavando aquellas pezas do modelo que necesitan un acondicionamento previo á cadea de confección.
4.2. Lavar pezas de roupa confeccionadas	4.2.1. Controlando o tipo de tecido das pezas de roupa que se van lavar, incluíndo tamén os adornos (debuxos, bordados, etc.). 4.2.2. Engadindo, segundo peza de roupa, o deterxente e o suavizante adecuado e nas cantidades precisas. 4.2.3. Botando diferentes sustancias para evitar a perda das cores. 4.2.4. Controlando que os procesos de lavado se desenvolvan correctamente: a lavadora colle correctamente a auga, os tempos, etc. 4.2.5. Retirando as pezas de roupa da lavadora.
4.3. Realizar o secado.	4.3.1. Introducindo as pezas de roupa na secadora. 4.3.2. Controlando o tempo de secado en función das pezas de roupa (grosor, cores, puntada, etc.) e da calor subministrada. 4.3.3. Controlando a calor, engadindo aire frío ou aire quente en función da peza de roupa e nuns tempos predeterminados. 4.3.4. Utilizando a centrifugadora para escurrir as pezas de roupa.
4.4. Clasificar as pezas de roupa lavadas.	4.4.1. Separando as pezas de roupa por talles e modelos. 4.4.2. Introducindo as pezas de roupa en caixas.
4.5. Realizar a limpeza e mantemento das máquinas de lavado e secado	4.5.1. Aclarando os restos de deterxentes e produtos utilizados na limpeza dos tecidos e pezas de roupa. 4.5.2. Realizando o mantemento das máquinas de lavado e secado para a súa perfecta conservación.

PROGRAMADOR/A TÉXTIL

NIVEL 3

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REALIZAR A TRADUCIÓN DOS DESEÑOS PARA FABRICAR O PROTOTIPO.
2. SUPERVISAR O CORRECTO FUNCIONAMENTO DA PROGRAMACIÓN DURANTE A ELABORACIÓN DO PROTOTIPO.
3. ADAPTAR AS MODIFICACIÓNS DO PROTOTIPO E REALIZAR O ESCALADO.
4. SUPERVISAR O DESENVOLVEMENTO DA TISAXE NA PRODUCIÓN.

U.C. 1: REALIZAR A TRADUCIÓN DOS DESEÑOS PARA FABRICAR O PROTOTIPO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar as instrucións recibidas dende o departamento de deseño.	1.1.1. Analizando os datos referidos aos diferentes modelos que van elaborarse (tipos de punto, fiaduras, etc.). 1.1.2. Realizando as modificacións e variacións producidas sobre o modelo inicial.
1.2. Efectuar a tradución dos datos dos bosquexos de deseño a datos informáticos.	1.2.1. Codificando cada unha das partes que configuran unha peza de roupa (mangas, dianteiro, costas...). 1.2.2. Codificando os complementos da peza de roupa final (colos, petos...). 1.2.3. Adecuando os programas informáticos, a cada máquina tecedora. 1.2.4. Adaptando os patróns das pezas de roupa. 1.2.5. Gravando todos os datos en soportes informáticos que poidan ser trasladados ás máquinas.

U.C. 2:
SUPERVISAR O CORRECTO FUNCIONAMENTO DA PROGRAMACIÓN DURANTE A ELABORACIÓN DO PROTOTIPO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Efectuar a programación da máquina.	2.1.1. Seleccionando os puntos a utilizar. 2.1.2. Insertando os códigos das medidas do tecido. 2.1.3. Insertando os códigos que indican a forma do tecido.
2.2. Controlar o proceso de tisaxe do prototipo para evitar desviacións.	2.2.1. Analizando o tipo de punto que se vai obtendo e comparándoo co desexado.
2.3. Corrixir os fallos que se producen nos programas ao elaborar o prototipo.	2.3.1. Realizando axustes na máquina.

U.C. 3:
ADAPTAR AS MODIFICACIÓNS DO PROTOTIPO E REALIZAR O ESCALADO.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
3.1. Corrixir as desviacións que se derivan da análisis do prototipo.	3.1.1. Rectificando co software adecuado os códigos iniciais do tecido. 3.1.2. Elaborando un novo programa actualizado.
3.2. Crear os códigos que van controlar o escalado dos compoñentes das pezas de roupa.	3.2.1. Creando os códigos que permiten o aumento e/ou diminución dos compoñentes da peza de roupa. 3.2.2. Creando os códigos que permiten o aumento e/ou diminución dos complementos da peza de roupa.

3.3. Elaborar os rexistros de todos os datos referidos a programación.	3.3.1. Almacenando no ordenador os códigos de cada programa para volver utilizalos ou rectificalos cando sexa necesario. 3.3.2. Anotando os datos técnicos de cada modelo (tipos de fío, de punto, etc.). 3.3.3. Arquivando posibles opcións de mostras e modelos para próximas temporadas.

U.C. 4:
SUPERVISAR O DESENVOLVEMENTO DO TISAXE NA PRODUCIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
4.1. Efectuar a programación da máquina.	4.1.1. Seleccionando os puntos a utilizar. 4.1.2. Insertando os códigos das medidas do tecido. 4.1.3. Insertando os códigos que indican a forma do tecido.
4.2. Controlar o proceso de tisaxe para evitar desviacións.	4.2.1. Analizando o tipo de punto que se vai obtendo e comparándoo co desexado.
4.3. Corrixir os fallos que se producen nos programas durante a fase de produción.	4.3.1. Realizando axustes na máquina

REMALLADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DECOMPETENCIA:

1. REALIZAR O REMALLADO E O MANTEMENTO DA MAQUINARIA.

U.C. 1.
REALIZAR O REMALLADO E O MANTEMENTO DA MAQUINARIA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar as fichas de produción.	1.1.1. Analizando o tipo de costura que debe realizar: de cadeneta, lisa, plana e exterior. 1.1.2. Analizando o número de pezas de roupa que debe confeccionar.
1.2. Preparar a máquina remalladora.	1.2.1. Axustando os compoñentes da máquina (agullas, ancora, punzóns, etc.). 1.2.2. Preparando e enfiando a fileta da remalladora.
1.3. Realizar o remallado.	1.3.1. Colocando as pezas de tecido malla a malla nos punzóns da máquina. 1.3.2. Unindo malla a malla as diferentes partes da peza de roupa (mangas, dianteiros, costas, etc.), punto a punto, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.3.3. Unindo as mallas dos bordes das pezas que compoñen a peza de roupa. 1.3.4. Extraendo dos punzóns os compoñentes das pezas de roupa.
1.4. Realizar a revisión.	1.4.1. Comprobando que non haxa puntos soltos. 1.4.2. Colocando os compoñentes das pezas de roupa no sistema de transporte.

1.5. Efectuar o mantemento da maquinaria e limpar o posto de traballo.	1.5.1. Realizando a limpeza da máquina. 1.5.2. Lubrificando a máquina. 1.5.3. Reparando pequenas avarías, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 1.5.4. Avisando o encargado cando as avarías son de importancia. 1.5.5. Limpando de restos a mesa e o solo de traballo.

REVISADOR/A

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. REVISAR AS PEZAS DE ROUPA CONFECCIONADAS.

U.C. 1: REVISAR LAS PEZAS DE ROUPA CONFECCIONADAS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Realizar o control das pezas de roupa confeccionadas propias e de talleres exteriores.	1.1.1. Preparando as pezas de roupa para ser revisadas por modelo e tallaxe. 1.1.2. Inspeccionando de maneira visual e táctil, as diferentes partes da peza de roupa: sisa, capilla, media, complementos... 1.1.3. Inspeccionando os acabados das pezas de roupa.
1.2. Marcar os defectos encontrados.	1.2.1. Sinalizando as taras utilizando una pistola ou fío. 1.2.2. Separando as pezas con defectos. 1.2.3. Apartando as pezas de roupa con taras irreversibles.
1.3. Avisar das taras ou defectos detectados para poder corrixir os erros.	1.3.1. Informando o encargado/a de confección, sinalizando o tipo de tara ou defecto.
1.4. Anotar as características dos defectos detectados nas follas de control.	1.4.1. Anotando o tipo de defecto encontrado. 1.4.2. Anotando a cantidade de pezas de roupa afectadas por cada defecto.
1.5. Enviar as pezas de roupa a reparar.	1.5.1. Agrupando as pezas de roupa segundo tipo de defecto e procedencia. 1.5.2. Enviando a produción ou á sección de reparado aquelas pezas de roupa con taras.

REVISOR-REPARADOR/A PUNTO

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1: COMPROBAR OS ACABADOS DOS TECIDOS E AS PEZAS DE ROUPA PARA A SÚA POSTERIOR REPARACIÓN.

2: REPARAR OS DEFECTOS DETECTADOS.

U.C. 1.
COMPROBAR OS ACABADOS DOS TECIDOS E AS PEZAS DE ROUPA PARA A SÚA POSTERIOR REPARACIÓN.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Realizar o control das pezas de roupa confeccionadas e as pezas de tecido.	1.1.1. Preparando as pezas e pezas de roupa para ser revisadas. 1.1.2. Inspeccionando de maneira visual e táctil, as diferentes pezas de tecido e partes da peza de roupa (sisa, capela, media, complementos....). 1.1.3. Inspeccionando os acabados das pezas de roupa. 1.1.4. Revisando as pezas de roupa co visor. 1.1.5. Evaluando diferentes características das pezas de roupa: *aplomo*, confort, caente, etc.
1.2. Marcar os defectos encontrados.	1.2.1. Sinalizando a tara utilizando unha pistola ou fío. 1.2.2. Separando as pezas de tecido e pezas de roupa con defectos. 1.2.3. Apartando as pezas de roupa con taras irreversibles.
1.3. Avisar o encargado/a sobre os defectos encontrados.	1.3.1. Informando o encargado da sección onde se detectaron os fallos, indicándolle o tipo de tara ou defecto.
1.4. Anotar as características dos defectos detectados en follas de control.	1.4.1. Anotando o tipo de defecto encontrado. 1.4.2. Anotando a cantidade de tecidos e/ou pezas de roupa afectadas por cada defecto.

U.C. 2:
REPARAR OS DEFECTOS DETECTADOS.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Preparar as pezas de roupa e as pezas de tecido para a súa reparación.	2.1.1. Separando as partes da peza de roupa que estean mal cosidas. 2.1.2. Cortando da peza a parte ou compoñente que presenta o defecto.
2.2. Preparar a maquinaria.	2.2.1. Eliminando os posibles restos de graxa, na máquina, que poidan manchar o tecido ou peza de roupa. 2.2.2. Colocando e axustando os accesorios da máquina, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade.
2.3. Realizar o cosido de pezas de roupa como actividade principal de reparación.	2.3.1. Unindo os tecidos que presenten un mal cosido ou a falta deste. 2.3.2. Entrecruzando manualmente os fíos.
2.4. Realizar outras operacións de reparación.	2.4.1. Cortando os fíos soltos. 2.4.2. Peinando o tecido para darlle o aspecto adecuado á peza de roupa. 2.4.3. Reparando as pezas de tecido que sufran alteracións durante o tisaxe, seguindo os criterios establecidos pola empresa en materia de prevención de riscos, medio ambiente e calidade. 2.4.4. Limpando as pezas de roupa que presenten manchas.
2.5. Enviar o almacén as pezas de roupa e/ou pezas reparadas.	2.5.1. Colocando ticket no artigo repasado. 2.5.2. Colocando no sistema de transporte interno os produtos reparados.

2.6. Anotar na folla de control as medidas reparadoras adoptadas.	2.6.1. Indicando as medidas adoptadas para reparar cada un dos defectos encontrados. 2.6.2. Anotando, en caso de que non se poida reparar, o motivo. 2.6.3. Anotando todas as incidencias que xurdan.
2.7. Manter limpo o seu posto de traballo.	2.7.1. Recollendo os residuos xerados na mesa de traballo (teas, fíos, etc.). 2.7.2. Varrendo os restos dispersos polo chan.

TECEDOR/A DE XÉNERO DE PUNTO POR RECOLLIDA.

NIVEL 2

UNIDADES DE COMPETENCIA:

1. INTERPRETAR AS ÓRDES DE PRODUCIÓN E PREPARAR AS MÁQUINAS PARA A TISAXE.
2. CONTROLAR E DESENVOLVER A PRODUCIÓN DAS MÁQUINAS DE XÉNERO DE PUNTO POR RECOLLIDA.
3. REALIZAR O MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DA MAQUINARIA EN FUNCIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS.

U.C. 1: INTERPRETAR AS ÓRDES DE PRODUCIÓN E PREPARAR AS MÁQUINAS PARA A TISAXE.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
1.1. Interpretar ordes de produción.	1.1.1. Analizando as instrucións sobre como realizar o traballo (complementos, modelos,...) e as prioridades en cada caso. 1.1.2. Analizando o cor e o tipo de material do fío a utilizar. 1.1.3. Estudando a forma do tecido, peza de roupa ou modelo a tecer. 1.1.4. Comprobando o número de pezas a fabricar. 1.1.5. Comprobando as medidas das pezas.
1.2. Solicitar o material necesario para o tisaxe.	1.2.1. Solicitando os conos de fío. 1.2.2. Seleccionando os accesorios da maquinaria (agullas, *clavetas*, etc.).

1.3. Preparar a maquinaria para o tisaxe.	1.3.1. Axustando os guiafíos e as pinzas a enfiar. 1.3.2. Realizando o enfiado dos fíos. 1.3.3. Colocando o fío adecuado segundo a orde de fabricación. 1.3.4. Controlando visualmente e táctilmente a tensión dos fíos. 1.3.5. Procedendo a unir mediante nudos os fíos do cono novo e o antigo. 1.3.6. Comprobando a correcta programación da maquinaria antes de iniciar o proceso. 1.3.7. Axustando os anchos e longos do tecido, segundo a ficha técnica. 1.3.8. Introducindo as numeracións de punto en cada carro segundo a orde de produción. 1.3.9. Comprobando a separación e a numeración nos carros. 1.3.10. Colocando o rodete para enrolar a peza tecida.

U.C. 2:

CONTROLAR E DESENVOLVER A PRODUCIÓN DAS MÁQUINAS DE XÉNERO DE PUNTO POR RECOLLIDA.

REALIZACIÓNS PROFESIONAIS (FUNCIÓNS)	CRITERIOS DE EXECUCIÓN (TAREFAS)
2.1. Controlar o correcto funcionamento do proceso de tisaxe.	2.1.1. Acendendo a máquina de tecer. 2.1.2. Realizando continuamente un control visual e táctil do tecido. 2.1.3. Graduando a densidade do punto. 2.1.4. Interpretando os dispositivos luminosos e acústicos da máquina de tecer que indican o desenvolvemento da produción. 2.1.5. Solicitando novos conos de fíos a medida que se van acabando. 2.1.6. Cambiando os conos.

2.2. Reparar as anomalías detectadas.	2.2.1. Unindo os fíos cando sufren unha rotura ou cando se coloca un cono novo. 2.2.2. Axustado novamente a tensión dos fíos. 2.2.3. Volvendo a enfiar os fíos se se descolocan. 2.2.4. Colocando de novo as numeracións en punto nos carros. 2.2.5. Reparando problemas de separación das pezas.
2.3. Comprobar que as medidas das pezas sexan as que aparecen na ficha técnica.	2.3.1. Medindo os longos das pezas segundo aparece especificado na ficha técnica. 2.3.2. Marcando a peza si sobran ou faltan centímetros.
2.4. Retirar as pezas tecidas das máquinas.	2.4.1. Controlando no panel de control da máquina que se rematou o ciclo. 2.4.2. Realizando o corte para separar a tea da máquina. 2.4.3. Enrolando a tea obtida en rodetes ou pregadores. 2.4.4. Agrupando pezas.
2.5. Manter en correcto estado a maquinaria e ferramentas ao seu cargo.	2.5.1. Coidando a maquinaria e equipos ao seu cargo 2.5.2. Coidando as ferramentas e útiles ao seu cargo.
2.6. Clasificar os produtos obtenidos na máquina de teceduría.	2.6.1. Separando os tecidos, pezas de roupa e modelos que presentan taras. 2.6.2. Sinalizando os defectos que poidan aparecer nas pezas. 2.6.3. Agrupando as pezas obtidas ou rodetes de tecido obtenidos segundo a folla de produción. 2.6.4. Etiquetando as pezas segundo modelo, talle, tinguidura, etc.
